

Publicación semestral de  
Artesanía de Galicia  
nº4 diciembre 2009

# obradoiro de artesanía





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Comercio



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO  
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO



ARTESANÍA  
DE GALICIA





Cada pequeno detalle, cada curva, cada matiz nas cores e na suxestión que crean as mans dos nosos artesáns, leva a pegada inimitable dunha tradición inspirada nunha terra onde cada recuncho respira beleza e calidade. En cada creación dos nosos artesans atoparás a beleza dunha terra única. Galicia en estado puro.

**GALICIA EN ESTADO PURO**

[www.artesaniadegalicia.org](http://www.artesaniadegalicia.org)

## Limiar - número 04

“Obradoiro de Artesanía” segue o seu percorrido a través dun novo número que chega nunha das épocas fortes para a artesanía, o Nadal, como un pequeno escaparate con algunhas das opcións que se poden atopar no sector artesán galego contemporáneo. Entre estas, destacan especialmente os galardoados na segunda edición dos Premios Artesanía de Galicia, impulsados pola Consellería de Economía e Industria, a través da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, e que protagonizan o caderno central deste número. Os Premios Artesanía de Galicia establecen un punto de confluencia das máis variadas expresións culturais, un espazo de encontro entre as novas correntes do deseño e da innovación a través do traballo artesanal. Nas páxinas centrais deste número dedicámoslle un espazo aos gañadores das categorías de Innovación, Novos Creadores e Artesanía de Galicia, así como aos tres finalistas nesta última categoría, e aos propios galardóns, realizados polo artesán David Soengas, gañador na edición do ano pasado.

Doutra banda, o traballo de formación impulsado pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño recóllese neste número a través dunha reportaxe sobre un dos cursos organizados durante o segundo semestre do ano e centrado na aplicación das novas tecnoloxías ao sector artesán. Aproveitar as posibilidades que nos brinda a rede para introducir o produto artesán galego en diferentes mercados a un custo que se axusta a todos os presupostos. Somos conscientes de que Internet abre unha vía de difusión que paga a pena aproveitar e a nosa intención é facilitarlle aos nosos artesáns as ferramentas para que poidan atopar o seu espazo dentro do abano de posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías.

Así mesmo, a artesanía máis tradicional está representada neste número pola olería e pola ourivería. Gundivós é un dos catro centros oleiros que conservamos en Galicia, o único que traballa con roda baixa, e no que se elabora a peculiar cerámica negra da Ribeira Sacra que está considerada unha das máis antigas da Península. En canto á ourivería, neste número recóllese a experiencia do artesán Eloy Gesto, ourive da cidade de Compostela, unha das zonas de Galicia que conta con maior tradición no traballo coa prata e co acibeche.

Como complemento á artesanía tradicional, contamos tamén con dúas reportaxes sobre novas artesanías, como son o traballo co feltro e mais unha orixinal proposta que elabora xoias de papel. A modo de conclusión entre unhas e outras, contamos tamén cunha reportaxe sobre a innovación e as novas tendencias aplicadas a un oficio tradicional como é o caso da cestería, a través do traballo da artesá Idoia Cuesta e mais do curso de formación “A tradición reformulada II: o valor da artesanía no desenvolvemento do produto contemporáneo”, organizado pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

Por outro lado, e co obxectivo de ofrecer nesta publicación unha visión que reflicta a heteroxeneidade e a riqueza do sector artesán galego, contamos tamén cunha ampla reportaxe sobre o obradoiro de gravado Augatinta, que combina o seu traballo de creación de pezas artesanais coa actividade de formación de novos artesáns. Falamos tamén cos membros do obradoiro Cabuxa, que están a levar a cabo unha orixinal iniciativa para implicar novos ilustradores e artistas galegos nunha nova liña de produtos, a través do proxecto “Arte na pel”, que difunde as obras destes artistas estampadas nas pezas que se crean neste taller.

Por último, gardamos tamén un espazo para botar unha ollada polo corazón da Mariña de Lugo, no complexo Centro de Arte Regal Xunqueira, unha proposta do artesán Alfonso Regal de facer confluír nun mesmo espazo a creación da artesanía, a exhibición das pezas, a comercialización e mais a formación de novos artesáns.

## sumario



04 Deseño e feito á man

12 Caste de prateiros


18 Crear na pel



24 Regal Cerámica Artesán

30 Galería


46 Da feira á web



50 Xemas de papel

56 Gundivós, terra de cacharreiros

62 A toda cor



68 Laboratorio de gravado

74 Ricardo Antelo, Premio Nacional de Artesanía en Innovación 2009

obradoiro de artesanía

Edición  
Dirección Xeral de Comercio  
Consellería de Economía e Industria

Coordinación  
María Guerreiro  
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño  
L25MN Área Central 15707 Santiago de Compostela  
Tel.: 881 999 523 Fax 881 999 170  
e-mail: prensa.artesania@xunta.es  
www.artesaniadegalicia.org

Deseño, realización e produción  
dardo ds  
dardo@dardo-ds.com

Redacción  
Eliana Martins (dardo ds)

Imaxes  
Miguel Calvo, dardo ds, Martín Azúa,  
Noviembre Estudio e contribucións dos artesáns

D.L.: C-4788-2008



XUNTA DE GALICIA



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO  
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

ARTESANÍA  DE GALICIA



XACOBEO 2010  
Galicia



# Deseño e feito á man

**Nas coleccións de Idoia Cuesta a importancia do deseño apréciase a primeira vista. Xoga con materiais, técnicas e formas para propoñer cestos con novos usos e para novos consumidores. Un sentido renovador na artesanía que pretendeu transmitir no obradoiro “A tradición reformulada”, que compartiu co deseñador Martín Azúa e no que ambos insistiron na importancia de que estes dous campos camiñen da man e se produzan intercambios como os destas xornadas. Algodón, feltro, esparto, etc., forman a trama dos seus produtos que adoptan volumes insospeitados, fieis á tradición pero incorporando técnicas alleas á cestería, co que se obteñen resultados únicos.**

A simple vista, tradición e innovación parecen dous termos incapaces de convivir. En cambio, na artesanía demóstrase que non é así e que son máis dependentes o un do outro do que se pode pensar nun principio. É o que se demostra no caso de Idoia Cuesta, unha cesteira nacida no País Vasco, afincada en Castro de Rei (Lugo) dende 1998, e que conta tanto con carta de artesá como con obradoiro artesanal inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. Licenciada en Bioloxía, chegou á cestería hai xa máis de dez anos, a través dos tecidos, tal e como se pode apreciar no resultado dos obxectos que crea.

A pesar de que as pezas tradicionais son as primeiras que veñen á cabeza ao falar de cestería, para Idoia Cuesta non son máis ca o punto de partida para desenvolver as súas creacións. “Ti aprendes unhas técnicas de tecido, as formas, os volumes, que tamén levan unha evolución ao longo do tempo e que están moi asentadas. A partir de aí, e unha vez que coñeces varias técnicas, penso que o creativo, o divertido, o que che fai evolucionar é aplicarlle esas técnicas a outros materiais, buscar outras formas”. Baixo esta premisa deseña e constrúe os produtos que comercializa coa marca Tejidos Vegetales.

Os encontros interdisciplinares son indispensables para favorecer esa evolución, explica Idoia, poñendo como exemplo o celebrado este verán na Estrada, impulsado pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, no que se puxo en relación deseño e artesanía baixo o título “A tradición reformulada”.





## A tradición reformulada

Entre o 30 de xullo e o 1 de agosto de 2009, celebrouse a segunda edición do taller "A tradición reformulada: o valor da artesanía no desenvolvemento do produto contemporáneo". Un obradoiro organizado pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño en colaboración coa Fundación María Martínez Otero e co estudio de deseño Cenlitrosmetrocastrado. Neste encontro procurouse fomentar a creatividade na aplicación da cestería no ámbito do mobiliario, sempre cunha perspectiva interdisciplinar, na que se conectasen deseño e artesanía. Os encargados de impartir este obradoiro foron Martín Azúa, deseñador afincado en Barcelona e profesor na Escola Superior de Deseño Elisava, e a artesá Idoia Cuesta.



Durante tres días, os alumnos procedentes da artesanía, do deseño e da arquitectura, afondaron nas diferentes técnicas, materiais e posibles aplicacións da cestería aos mobles, sempre desde unha perspectiva práctica. De feito, un dos exercicios foi realizar entre eles varios obxectos ou renovar outros xa existentes, aplicando o aprendido nesas xornadas, contribuíndo cada un dos asistentes coas súas diferentes experiencias froito das súas diferentes carreiras profesionais.

Trátase dunha excelente ocasión para relacionar deseño e artesanía, dous ámbitos que discorren en paralelo a miúdo e que deben ter unha relación máis transversal, o que se pretende fomentar con este tipo de iniciativas. O deseño constitúe un elemento importante á hora de revalorizar a produción artesanal galega, como se constatou no obradoiro "A tradición reformulada", unha cita que na súa primeira edición contou co tamén cesteiro Carlos Fontales como profesor, e á que tamén acudiu Azúa. A Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño pretende fomentar a innovación e o coidado deseño no sector artesanal galego, a través deste tipo de encontros que favorecen a posta en contacto entre perfís moi diferentes da artesanía e do deseño.







Cuesta, profesora convidada nesta segunda edición, destaca que unha das vantaxes deste tipo de encontros é que ofrecen a oportunidade de que artesáns, artistas e deseñadores poidan colaborar nun mesmo proxecto. “Isto é para min o interesante e o enriquecedor”, asegura, “ti vés aquí dar uns coñecementos pero recibes o triplo. É como un intercambio no que cada un contribúe o que sabe desde o seu ámbito e iso é moi creativo. É o que realmente che fai evolucionar”. Despois é no taller, cando o artesán regresa e se enfrenta ao proceso creativo cando percibe todas esas influencias que chegan desde fóra e que lle permiten innovar e desenvolver as súas pezas desde novas perspectivas ás que lle había ser máis difícil acceder doutro xeito. “Os artesáns normalmente temos formación no noso oficio e centrámonos sempre nel, pero o contacto ou petiscar doutras técnicas e oficios é o que enriquece, é fundamental”, e sinala que este tipo de experiencias son xa habituais noutras zonas, como en Cataluña ou no País Vasco. “Ao final, o artesán como tal é tamén empresario, deseñador..., ti só non podes abranguer todos eses ámbitos, necesitas traballar en equipo”.

### Fusión

Un exemplo desta colaboración foi a que realizou co torneiro Fernando Vérez, titulado *Bi-dueiro cesteado*, que mesturaba o torneado desta madeira co vimbio. Esta peza realizouse durante o VIII Encontro de torneiros, celebrado en Xermade (Lugo) en setembro de 2008, nun seminario dedicado á aplicación conxunta das técnicas artesanais da cestería e da tornería. “O tema de fusionar oficios, técnicas, paréceme moi interesante, estanse realizando este tipo de experiencias aquí, pero penso que habería que fomentar moito máis os inter-

**“Eu parto sempre de técnicas tradicionais e despois vou probando materiais”**

Tejidos vegetales  
Hortas nº7, Cela. Outeiro de Rei  
Tel.: 982 390 666  
idoiacuesta@yahoo.es  
Carta de artesanía nº 1.164  
Obradoiro artesán nº 525

“O tema de fusionar oficios, técnicas, paréceme moi interesante”



cambios. Mesturar, por exemplo, o torno coa forxa, coa cestería, co téxtil... Sempre se aprende”, conclúe Idoia. Unha fusión entre cestería e moda realizouna coa diseñadora Chus Piñeiro na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo, en Compostela. Tratábase dun proxecto no que integraba parte de cestería na súa colección, co título “C’est Moi”, inspirada nos séculos XVII e XVIII, de corte barroco e rococó. Nesta colección as pezas de Idoia tiñan un papel protagonista e a artesanía encargábase de elaborar con vimbio tanto complementos como diferentes partes dos propios vestidos. O resultado foi abraiante: “cando me fixeron o encargo, a diseñadora deume todas as pezas e foi un reto persoal. Cando as estaba facendo no taller, non vía o final, o acabado. Despois, cando fun ver o desfile pareceume espectacular, cando vía unha manga de cestería... Unha experiencia moi positiva, unha gran contribución”.

Nos seus produtos o deseño é unha parte que recibe moita atención, aínda que reconece o importante papel que xogan os artesáns que optan por conservar a tradición no sentido estrito, xa que actúan como garantes desas técnicas e poñen en relación pezas de carácter máis contemporáneo coas súas orixes. “Eu parto sempre de técnicas tradicionais e despois vou probando materiais, que tamén che van pedindo as técnicas máis axeitadas en cada caso. Ás veces queres aplicar unha técnica a un material e dáste de conta de que non podes. Esa combinación de probar técnicas, materiais, o ensaio e o erro, creo que é a base da artesanía e tamén do deseño”. Un deseño que se aprecia e que ten que estar xustificado, razoado e que, segundo Idoia, ten que transmitir tamén unha mensaxe: “a túa traxectoria”.

Os seus inicios como artesá téxtil son evidentes nas pezas de Tejidos Vegetales. “Mesturo un pouco de todo, todos os materiais que se usan no téxtil, como poden ser as fibras de algodón ou fibras naturais, coma iute, sisal, coco, esparto..., e fibras vexetais. A combinación é o que define as miñas pezas, nas que se poden mesturar materiais ríxidos coma o vimbio con materiais máis flexibles, como a la ou o algodón”. Unha das últimas incorporacións ao seu catálogo e que máis curiosidade lle está despertando é a reciclaxe de materiais: “trátase de lle dar un novo uso a un material que ías tirar ao lixo, caes na conta de que o podes tecer, darlle forma, darlle volume, crear algo. Despois da cestería tamén temos o concepto dun cesto ríxido, buscando un lado funcional. Pola contra, eu estou aplicando o oposto: materiais que me permitan crear unha colección máis amorosa, máis branda”. E os novos materiais traen tamén novos usos, onde o cesto se aprecia cada vez máis como un obxecto decorativo fronte ao perfil práctico orixinario.

Aínda que para Cuesta a busca de novos materiais é un aliciente, a artesá parte sempre dos tradicionais. Cuesta coñece ben as posibilidades que ofrecen a vexetación autóctona, sobre todo a partir da elaboración da *Guía das Plantas cesteables de Galicia*, un libro editado en 2006 polo Centrad de Lugo e resultado dunha ampla investigación. “Cando comecei coa cestería caín na conta de que cando queres consultar temas non hai un libro, pedín unha bolsa de investigación e despois tiven a posibilidade de publicalo”. Hoxe é un dos libros de referencia dentro da cestería galega, onde profesionais e afeccionados atopan como traballar as diferentes especies vexetais susceptibles de tecer un cesto. “Paréceme interesantísimo apoiar todas as iniciativas de investigación, de recuperación, de etnografía, de tradición, porque ao final iso é o que se vai perder e hai que documentalo antes”, a modo de protexer o patrimonio. De feito, un dos seus retos é realizar un catálogo de cestería galega, unha investigación profunda nos cestos que se veñen facendo en Galicia e recoller a inmensa variedade e calidade da que gozamos.



## "A artesanía e o deseño precisan o un do outro"

**Martín Azúa é un dos nomes imprescindibles á hora de falar de deseño. Nacido en Vitoria, aínda que está afincado en Barcelona, onde é profesor na Escola Superior de Deseño Elisava. A súa obra está nas coleccións do MOMA (Nova Iorque), no Vitra Design Museum (Alemaña) ou no Museo de Artes Decorativas de Barcelona, mentres que o cociñeiro Ferrán Adriá emprega na cociña os seus obxectos. Azúa entende que o deseño está presente continuamente na nosa vida, que non é un recén chegado, pero que si que se ten descoidado moito. Desde hai dous anos participa como docente no obradoiro "A Tradición Reformulada: O valor da artesanía no desenvolvemento do produto contemporáneo", impulsado pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño e no que profesionais destes ámbitos realizan unha posta en común, tratando de achegar a artesanía e o deseño.**



### **A miúdo establécense fronteiras entre a artesanía e o deseño, parece que circulan en paralelo, ou teñen máis en común do que cremos?**

Si, no fondo desde o deseño pensamos ás veces nos artesáns como as persoas que executan. Pero hai moitos artesáns que son autónomos, que teñen unha faceta creativa e que eles solucionan esta parte de deseño no seu día a día. Inventan cousas, realízanas, desenvólvenas. No fondo, eu creo que os dous, a artesanía e o deseño, precisan un pouco o un do outro. Aos deseñadores viríanos moi ben controlar algunhas cousas de produción artesanal. Eu dou clases na escola Elisava, en Barcelona, e encantárame que os alumnos visen o proceso de realización da cerámica, porque ás veces os deseñadores só proxectamos e non estamos na produción. Considero que o mesmo pasa cos artesáns, que necesitarían tamén unha formación como deseñadores. Aínda que non todos, posto que hai novas xeracións de artesáns que xa teñen esta formación.

### **Non é "unha ultraxe" mesturar tradición e deseño?**

Ás veces si. A artesanía non ten unha ambición de innovación tan constante como ten o deseño. Os obxectos artesanais de uso, coma o porrón, as ferramentas de campo, en realidade eran perfectas porque se foron depurando co tempo. Entón intervir sobre eses obxectos é nefasto, porque os deseñadores temos un desexo de intervir demasiado e podemos chegar a eliminar a esencia destes obxectos se non traballamos con coidado e somos respectuosos. Eu creo que traballando con coidado, sendo respectuosos..., porque eu creo que a artesanía ten un compoñente identitario, non é o mesmo traballar

coa artesanía en Galicia ca en Cataluña. Aquí hai un saber facer que ten que ver co carácter da xente.

### **É a segunda vez que participaches neste taller, que sensación levas?**

Para min estes talleres son unha ocasión de encontro, vén xente de perfís moi diferentes, artesáns dun nivel bastante elevado, arquitectos e deseñadores. E establécese unha relación moi igualitaria, non hai esa sensación de que un proxecta e o outro fai. Os que son artesáns participan no proceso de deseñar, de proxectar, e os deseñadores tamén acaban executando.

### **E a receptividade por parte dos alumnos?**

Ben, é xente moi curiosa. A verdade é que creo que lle habería que dar continuidade aos talleres que se fan na Fundación porque moitos dos participantes repiten e xa estamos a traballar a outro nivel.

### **E do primeiro taller, celebrado en 2008, que balance farías?**

O ano pasado estivo Carlos Fontales. Foi tamén moi interesante e aprendemos outras técnicas, fomos máis puristas, estivemos a traballar co vimbio e coa madeira de castiñeiro. Este ano, Idoia introduciu outro tipo de materiais, mesmo reciclados, como parte dun proceso de evolución. Estou moi contento como deseñador: veño aquí aprender.

### **Así que ti tamén recibes.**

Si, si. Interésame moito estar aquí. Ademais todo o mundo está como mirando cara á artesanía. Con esta crise tan forte no sector do moble, en todos os sectores, a xente está a buscar ese valor da autenticidade e a artesanía teno. Mesmo firmas importantes de mobiliario están a rescatar téxtiles ou cestería, para incorporalos aos seus produtos.

### **Falabas dun compoñente identitario.**

Si, identitario. Neste mundo tan globalizado, de súpeto que todo se pareza a todo empezounos a molestar. Entón ter unha fantástica cadeira de brazos tapizada con teas africanas e moi ben feita convértese en algo especial.

### **Coa crise, o deseño pága ou sae gañando?**

Creo que sairemos gañando, porque a situación xa era insostible. E o deseño tense que reinventar. Temos que esquecer esa época en que todo se vendía, na que os obxectos se estaban a converter en algo banal, os mobles empezaran a ser como a roupa, presentábanse as coleccións da tempada. Creo que é unha loucura. A xente quere ter cousas que a acompañen durante un tempo, non?

### **Aprecia máis o obxecto.**

Tamén debido aos materiais. Nesa época volvémonos un pouco tolos. Hai cen anos os mobles eran de madeiras de verdade, e agora de súpeto todo era unha pura simulación, virtual case. Todo parece madeira, pero non é madeira, son laminados. No fondo, en Europa hai cantidade de bosques controlados, e a madeira é algo que gaña co tempo. Unha cousa que estea ben feita, e que ti teñas información de por quen está feita, e con que esforzo, apréciala máis.

### **Que opinas da produción artesanal en Galicia?**

En Galicia hai como unha artesanía moi viva, mentres que noutras partes é xa como unha cousa romántica, recuperada, e calquera persoa se considera artesá porque fixo un curso. Eu creo que aquí aínda tedes unha armazón de xente que é conservadora deste saber artesanal e que ten uns compoñentes de verdade, auténticos, de Galicia. Creo que aquí se coidou a artesanía, que Galicia foi un dos lugares nos que máis proxectos houbo neste sentido.





**Caste  
de prateiros**

**Desde o seu nacemento, Eloy Gesto estaba predestinado a traballar como prateiro, escoitando xa no berce a seu pai traballar este prezado metal. A este oficio dedicoulle toda unha vida, o que lle valeu recoñecementos tanto en Galicia coma no estranxeiro. Mesmo en Xapón pretenderon quedar con el, aínda que a terra tirou por este ourive. O seu nome está vinculado inexorablemente a Compostela, cidade que nas súas rúas leva os nomes como a Acibechería ou a popular praza das Praterías, onde traballaron grandes ourives desde a Idade Media. Séculos despois, este sector con fondas raíces en Santiago, segue a ter unha importante presenza na cidade, sen renunciar á modernidade e á innovación, grazas a creadores coma Eloy Gesto.**

### **Como comeza a historia de Eloy Gesto?**

Eu nacín naquelas casas que eran tamén taller. Nas habitacións onde se durmía había mesas para traballar. Cando espertaba xa meu pai estaba petando. El era prateiro e era dos bos. Nós xa de pequenos fomos levados por ese camiño. De vez en cando había que estar dándolle ao torno mentres os outros nenos andaban a xogar. Practicamente nacín no taller.

### **De aí que se chame Eloy, non?**

Efectivamente, nacín por esas datas, por novembro. El celebrábo porque é o patrón dos ourives, era un dos que levaba o gremio aquí na cidade. Casualidades da vida, ao final tamén eu fun ourive, pero a min gustábame moitísimo a pintura, aínda que el foime enfocando cara a este campo. Entón eu continuei, comecei na Escola de Artes, en talleres. Unha vez que saín de xunta meu pai xa entrei no primeiro taller pola mañá, seguía na escola á tarde, aos 13 anos. Naquel taller da Rapa da Folla botei con bos mestres un ano máis ou menos. Despois, meu irmán, que tamén era ourive -eu non era o único da familia- levoume con el para un obradoiro na Praza das Praterías. Alí coincidín con moi bos profesionais, pois en Santiago sempre houbo un excelente elenco de ourives. Alí tamén botei un ano, meu irmán pasou para outro taller, o taller do Cabalo, onde estiveran ourives de renome. Tiven a grande sorte de que estiven sempre ao lado de grandes profesionais.

### **E de alí?**

Alí botei tempo, pero cando Fernando Mayer se estableceu pola súa conta tirou por min. Fixemos traballos de auténtico luxo, de grande envergadura no taller. Pero cando chegaba o verán tirábase a pintura e da noite para a mañá eu desaparecía e ía pintar por aí adiante, ao aire libre, facer as miñas obras. Cando chegaba de volta dicía Fernando: "E que? Xa cansaches?". Pero volvía a facer porque sabía que son un home de temperamento artístico total, bohemio. Alí estaba a gusto porque podía practicar este tipo de historias. Foi entón cando Mayer se fixo cun baixo en Vistalegre e eu quedei arriba (en Praterías) ao cargo daquela parte e con catro rapaces para que aprendesen, algúns deles moi bos. A min fíñame só para pezas únicas, quería sacarme o xugo da creatividade, eu era un home que creaba continuamente. Entón xa comecei a romper con aquela cuestión tradicional do cicelado clásico, que era o que facían a maioría dos ourives composteláns.





### **Cal foi o paso?**

Derivei, empecei a romper coas formas e coa tradición da ourivería compostelá, tamén con combinacións de varios materiais, de formas, de movementos... E detrás fun creando toda unha escola, uns seguidores ourives que viñeron recoller todo iso, a maioría dos novos. Marquei un antes e un despois. Do que me alegro moitísimo é de que se creara unha nova forma de ver a ourivería e tamén unha nova forma de consolidar o sector. De feito, hoxe en día hai unha xeración grazas a todos eses movementos. Foi unha etapa moi importante.

### **Non é moi difícil innovar nun oficio con tanta tradición?**

Si, pero iso é algo que eu xa levaba dentro. Son etapas para min moi bonitas, moi románticas, que lembro con gran cariño e nostalxia. Pero chegou o cambio de solteiro a casado, había outras necesidades, outros horizontes. Foi cando dei o paso e establecínme pola miña conta, e de aí viñeron máis discípulos. Isto foi en 1975. Uns principios durísimos, porque eu era un bohemio, un soñador. Cartos non tiña, entón empecei de cero. Fun xuntando ferramentas e comezamos a saír adiante. Cando estaba estabilizado xa empecei a facer pezas outra vez totalmente distintas, pezas grandes. E tamén fun gañando premios, os meus labores foron recoñecidos. Xa van alá máis de trinta anos.

### **E segue buscando innovar nas súas creacións?**

Si, iso é algo que me vai dentro, síntome inquieto, como nas liñas modernistas. Eu empregaba o plano pictórico na ourivería, era algo que quería expresar, sempre foi comigo. Busco formas distintas, coas horas de voo que levo... Ás veces sentes que esa forma xa non expresa e tes que buscar outras novas. Este taller está a tope de deseños, pero iso faino quen sabe deseñar e quen o sabe debuxar. Hai outros ourives que non o fan, que seguen a facer pezas masificadas, collen o modelo que funciona cópiano e fano. É inevitable.

### **Hai un artesán máis de oficio e outro máis creativo?**

Efectivamente, e iso hai que respectalo tamén.

### **Compostela, cidade prateira**

### **E a ourivería compostelá, que foi tan importante, en que estado se atopa?**

Entre os séculos XII e XV, a nosa cidade era moi coñecida pola ourivería. Coa reforma protestante en Europa comezou a destacar o acibeche e foi collendo máis importancia. Realizáronse grandes traballos. Efectivamente, moitos xa se xubilaron, pero xa veñen outros moitos detrás. Eu fundei a Asociación de Ourives de Compostela no ano 1988, coa idea de ofrecer formación ao máximo nivel para as novas xeracións. Tivo un resultado moi positivo que se demostrou neses cursos. Fixemos moitísimos e a xente saía moi preparada, sobre todo para a práctica nos talleres. Se sabes a teoría e non tes a práctica nunca es un profesional completo. Un profesional completo é aquel que sabe coordinar a creatividade no deseño coa parte práctica para realizar a peza. E foi moi ben, porque hai vinte anos víase un baleiro que hoxe non existe. Xente con moitas cualidades e moitas mulleres, porque no noso gremio as mulleres non existían, como en moitos gremios clasicistas. A nosa sorpresa foi que as mulleres viñan máis ca os homes, hai moitas e moi boas. Para min iso foi importantísimo: tiveron a oportunidade de aprender.



### **Foron dezanove anos á fronte da asociación. Moito traballo?**

Ás veces botaba máis tempo na asociación ca no taller, sobre todo na preparación da festividade do Santo Eloi, porque cada ano aos ourives máis maiores dedicámoslle un recoñecemento, o de Prateiro do Ano. Cada ano foille tocando a un, nunca faltou un, era un día de convivencia que recuperamos. Coa emoción, todos terminaron chorando. Dos dezanove que eu entreguei, só un me puido responder ao meu discurso como presidente.

### **E cando lle tocou a vostede?**

Tocoume un ano, non por maior, senón por todo o traballo que fixen polo sector. Porque a min gústame que todo o sector vaia cara a arriba.

### **Non hai competencia?**

Non, eu apoio tanto aos pequenos, aos medianos ou aos grandes. Hainos que valorar a todos.

### **Unha forma de cohesionar o sector pode ser a través do Colexio de Xoieiros que se quere crear, non?**

É unha forma de profesionalizar o gremio que defendemos e dalo a coñecer. Se se chega a consolidar creo que si, que pode ser positivo. Saber defender o noso, espero que ao final dea os seus froitos.

**“Un profesional completo é aquel que sabe coordinar a creatividade no deseño coa parte práctica para realizar a peza”**



### **Tamén obtivo recoñecementos en Xapón.**

Botei alá un mes no ano 1996 traballando seguido. Gústame a cultura deles. Eu son latino, co cal tamén me gusta a miña, que me desen liberdade para facer. Pero o que me gusta deles é a disciplina e a admiración que senten por quen sabe facer as cousas. Así lles foi sempre. No mes que estiven alí botei unha semana no Parque de España, de aí para Osaka, unha cidade de 9 millóns de habitantes e despois a Kioto. Alí dinche "deixe todo á vista, que non lle desaparece nada", en Kioto só garantían ata o 80%, do outro 20% non respondían polos turistas. Eles despois querían que quedase alí, mandábanme cartas a ver se recapacitaba. Estaba ben un tempo, pero eu son latino e á parte, había muller e fillos, e iso tira...



### **A nivel de vendas, segue funcionando?**

En Santiago por suposto, pero agora xa se está promocionando moito tamén a nivel internacional. En Santiago o mercado non é suficiente para os profesionais que somos, temos que saír. Este momento de crise é innegable, nótase aquí e en todo. Pero hase de superar, xa pasamos outras crises. O que resiste, vence, di o refrán, e esa é a actitude, despois, a esquecerse da crise e a traballar.

### **E seguirá a liñaxe de prateiros Gesto?**

A miña filla maior está feita unha bohemia como era eu cando era novo, pero era unha das boas ourives de Santiago, é finísima traballando. A outra está tamén introducida no sector da xoiería en Sigüeiro. Eu no taller tíñalle un apartado para que fosen aprendendo a debuxar e a deseñar. A máis nova terminou Belas Artes e vai máis pola escultura.

### **Vostede, de non ser ourive que tería sido?**

Pintor. De vez en cando aínda me tira e fago algo. Si, pintor.

### **A prata é un bo lenzo?**

Si, teño a fortuna de que creo que fixen auténticas marabillas, unha delas levou o premio Antón Fraguas, o Xogo Galaico. Pero aínda me quedan tantas cousas por facer...



Eloy Gesto orfebre  
Rúa Santa Comba, 5 baixo  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 589 596  
eloygestoorfebre@yahoo.es  
Carta de artesán nº 180  
Obradoiro artesán nº 40





## Crear na pel

Desde Cabuxa levan anos desenvolvendo unha técnica verdadeiramente revolucionaria na produción artesanal do coiro. "Tatúan" as súas pezas cunha técnica artesanal que as fai absolutamente indelebles. A tinta penetra na pel como nunca antes se conseguira, cuns resultados excepcionais que lle permiten a este obradoiro de Tui abrirlle as portas á creación de innovadoras propostas. Arte na pel, un proxecto de Cabuxa en colaboración con novos artistas, é a vía que iniciou Ana Alonso xunto con Alfredo Hernández grazas a esta técnica, que está ofrecendo un amplísimo abano de posibilidades.



**“Buscamos  
ilustradores,  
fotógrafos, poetas...,  
que expresen algo  
que nós poidamos  
trasladar á pel”**

“Xurdiu a partir da técnica de estampaxe na que levamos xa uns cantos anos investigando e mellorando”. Ana Alonso –inscrita no Rexistro Xeral de Artesanía tanto como artesá como con obradoiro artesán– leva preto de trinta anos dedicada ao deseño e á produción artesanal de artigos en coiro e, se por algo se caracteriza, é polo seu desexo de non estancarse á hora de crear. Cabuxa, a marca baixo a que comercializa as súas pezas, presenta produtos orixinais e exclusivos, resultado de aplicar esa técnica de estampaxe que esta artesá, xunto con Alfredo Hernández, vén desenvolvendo desde hai anos. Ao ir evolucionando, probando e perfeccionando o uso desta técnica decidiron afondar na busca de novas posibilidades e abrir novos mercados. Para isto precisaban cubrir un baleiro que eles sós non podían encher: a ilustración.

“Dándolle voltas ocorréuseme poñerme en contacto con escolas de Belas Artes para atopar artistas novos, que os hai boísimos, e ofrecerlles un intercambio”, explica Ana. A cambio de difundir a súa obra, eles cédelle os dereitos de reprodución. O resultado? Excelente, aseguran, xa teñen formado un grupo duns quince mozos cos que colaboran de xeito estable. Eles mándanlle os seus deseños en alta resolución e en Cabuxa realizan as probas de estampaxe para pasalos á pel, axustándoos á súa cor e ao formato da peza, aínda que aseguran que a maioría do que presentan está ben. Aínda así, cando precisan realizar calquera modificación sempre se fai coa súa autorización e sen distorsionar a imaxe orixinal.

“O certo é que cando alguén nos fai unha peza moi especial xa vén o debuxo adaptado á peza”, explica Alfredo, que é o principal responsable da investigación para o desen-

vovemento desta técnica de estampaxe, xa que provén da industria téxtil. E se en Cabuxa a satisfacción é grande, o sentimento é mutuo para os deseñadores, segundo a impresión que tanto Ana como Alfredo obtiveron do seu primeiro encontro na feira Mostrart, celebrada en agosto deste ano na Coruña. “Sinto que é un equipo”, lembra Ana Alonso con emoción sobre aquel primeiro contacto real no que coñeceron os artistas e as súas familias, que chegaban ataviadas con algúns dos seus produtos. Lara Torres, unha das deseñadoras que cede as súas ilustracións, móstrase entusiasta sobre o resultado desta colaboración: “estou moi contenta con eles”, asegura, “o feito de que collan para o seu traballo a xente galega que está empezando neste campo paréceme xenial”. Ademais, cre que é unha excelente plataforma para darse a coñecer, polo que non dubida que seguirá a traballar con eles.

Para axudar máis aínda á difusión dos colaboradores, veñen de lanzar unha nova proposta. Con cada peza que vendan destes ilustradores, regalarán un marcapáxinas deseñado por eles xa que, segundo Ana, esta peza de perfil tan práctico favorece a fixación do seu nome e pode levar despois a buscalo en internet ou a que lle xurdan outras propostas.

Todo isto atópase de momento na última fase de proba: unha vez que a parte técnica está solucionada chega o punto de enfrontarse co mercado, de ver a relación co consumidor. Nestas primeiras exhibicións xa puideron percibir cales son os debuxos que máis interesan, as pezas que mellor funcionan, de modo que van marcando a liña que será máis interesante seguir dende un punto de vista comercial. Sempre sen perder de vista que se trata dun obradoiro artesán e que teñen que adaptar a produción á súa propia capacidade.



**“Galicia sobresaie porque a xente coida máis o detalle, está continuamente investigando, vendo como mellorar”**

### **No curtidoiro**

As peles precisan un tratamento para evitar que podrezan e se endurezan, proceso que dá como resultado o coiro. Trátase da máis antiga das aplicacións da industria téxtil. Existen dous tipos de curtidos: o vexetal e o mineral, tamén coñecido como curtido ao cromo.

Son precisas varias semanas ou mesmo meses para completar o curtido vexetal, que ofrece un coiro moi firme, resistente á auga e ao estiramento. Neste caso emprégase o tanino como axente curtidor, extraído da codia, da madeira, dos froitos e das follas de varias árbores, coma o castiñeiro ou o carballo.

Ata obter o coiro na súa fase final pásase por diferentes procesos: espelícase, aféitase e lávase nunha solución de auga con cal. Despois somérxese en auga con casca, lávase de novo e vólvese somerxer en auga con tanino. Nesta disolución permanece varios meses, para que desapareza calquera resto

de casca, de cal ou mesmo de carne. Tras disto, aféitase novamente, mázase, engráxase e déixase secar, para preparala para o seu posterior uso.

O outro tipo de curtido é o mineral, tamén coñecido como curtido ao cromo dado que é o elemento máis empregado neste tipo de proceso. O curtido mineral pódese realizar tan só nun día, aínda que fai encoller as peles. O resultado é un coiro máis duradeiro e máis resistente á calor. Dado que é máis flexible, é máis adecuado para complementos, coma bolsos ou cintos, luvas, zapatos ou prendas de vestir.

As peles prepáranse previamente suavizándoas nunha disolución de ácido e sal, para pasar a continuación a outra de sulfato de cromo, na que apenas ten que permanecer un día.

Outra posibilidade é a do curtido combinado de coiro, primeiro con cromo e despois con taninos, que incorpora as vantaxes de cada curtido.

O mesmo sucede coa remuneración dos artistas, unha vez que se consolide o produto e que este proxecto comece a achegar beneficios, eles tamén recibirán a súa parte, explica Alfredo. “Agora estamos a redactar un contrato, porque ata o de agora foi máis a ilusión que nos moveu sen saber moi ben como se ligaba todo isto. Nós queremos pagar cando probemos, cando se vendan, sempre dentro das nosas posibilidades, porque nós somos artesáns, non unha industria”.

De feito, as probas cos diferentes deseños propostos é o maior custo deste proxecto. “Somos unha morea de ilustradores, que cada un fai unha media de catro ou cinco debuxos, entón facemos cadernos de todos os tamaños, portafolios, bolsos... Sabemos que hai unha morea de produtos que fixemos e que non van saír. Por iso o acordo con estes ilustradores é en principio facer esta proba, porque a nós xa nos resulta custoso elaborar as pezas coas súas ilustracións”, reflexiona Ana.

Así e todo, os resultados están chegando, e non o queren limitar só aos ilustradores, senón que o proxecto está aberto a poetas, fotógrafos, pintores... “Que expresen algo que nós poidamos trasladar á pel”, explica Ana.



## Innovación

“Estamos moi emocionados co resultado. Cada vez que investigamos estamos un pouco máis motivados”. Ana Alonso comezou en 1978 a interesarse pola produción artesanal de obxectos en coiro, aínda que pasou por varios oficios. “Sempre me gustou o mundo da arte en xeral, todo o que se puidese facer coas mans, calquera oficio artesán. Ao final centreime no coiro, que é do que vivo desde 1982”, sinala Ana. E é un material co que a artesá se sente realmente cómoda, que lle permite evolucionar e investigar. “Nunca me gustou facer sempre o mesmo, son consciente de que neste oficio hai que innovar, ir sempre un paso máis alá, cos novos tempos e coas novas correntes, porque senón o resultado é un produto morto”. Por outra banda, a liberdade que lle dá





○.....

**Cabuxa**  
**Malladoura 9. Baldráns, Tui**  
**Tel.: 986 629 197**  
**analonso\_cabuxa@telefonica.net**  
**Carta de artesá n° 210**  
**Obradoiro artesán n° 716**

**“Estamos planificando a web, sobre todo pensando na xente nova porque se move moito aí. Queremos montar unha tenda virtual porque nolo demanda o público”**

o traballo autónomo, no que ela mesma establece os seus horarios e os seus produtos, evitando a rutina, foi o que a animou a inclinarse pola artesanía. “Polo meu espírito sei que non sería capaz de facer outra cousa, viviría amargada. Aquí traballo máis horas, pero para min non é un traballo. Non teño a sensación de ir traballar, senón de facer o que me apetece”.

E esa evolución tamén se aprecia no seu produto, que se vai perfilando ata atopar o seu oco no mercado. Antes, por exemplo, realizaban máis feiras de venda directa e mercados medievais pero, segundo Alfredo, os mercados medievais xa non son sitio para eles, aínda que para Ana si que teñen unha función para probar o produto, ao tempo que lles garanten despois o acceso a calquera tipo de mercado. Así que agora orientan máis a distribución cara ás feiras profesionais e sobre todo, cara a internet. “Estamos planificando a web, sobre todo pensando na xente nova porque se move moito aí, nós vémolos polos nosos fillos que xa non mercan nas tendas. Queremos montar unha tenda virtual porque nolo demanda o público”, explica a artesá.

Os materiais cos que traballan tamén se foron ampliando, como a gama de peles que empregan.

“Nun principio traballaba unicamente con curtidos vexetais, con pel de cabalo, con vacún..., sempre en cor natural que me dese a min xogo para tinguil-la, tamén porque realizaba pirogravados, e isto obrigábame a empregar peles claras para que o debuxo resaltase. Agora en cambio, hai moitas peles que son curtidos vexetais, pero o resto de confección da peza pode ir en semi-peles (que son vexetais e cromo), peles que xa mercamos tinguidas...”, di Ana.

Ambos os dous teñen a confianza suficiente na calidade do produto que sae do traballo das súas mans, sostida polos trinta anos que leva Ana Alonso como artesá. “A exclusividade da peza é parte da garantía”, asegura, “un produto artesán está sempre garantindo unha calidade do proceso de elaboración, dos materiais, etc. A isto xúntase a orixinalidade do produto, o deseño”.

A innovación debe estar presente tamén na artesanía, elemento que Ana considera que ten xa unha forte presenza no sector artesán galego. “Galicia sobresa porque a xente coída máis o detalle, está continuamente investigando, vendo como mellorar...”, destacando a frescura que chega da man de propostas artesanais moi innovadoras e contemporáneas. “O oficio vai tomando forma segundo o carácter de cada un. O goce e as ganas de facer non as perdín, e espero non perdelas nunca”, sinala.



## O proceso

Chegar a desenvolver unha técnica coma a que conseguiron Ana e Alfredo, do obradoiro Cabuxa, supón un esforzo de anos. Ana levaba tempo na procura destes resultados, mesmo probando directamente a aplicar sobre a pel diferentes pinturas á man. Isto supoñía un traballo enorme co que era inviable realizar produtos para seren comercializados, dado que nunca se podería cobrar por eles un prezo razoable. Era preciso atopar un método rápido e racional que permitise que esta artesanía fose rendible. Disto ocupouse máis Alfredo, que provén da industria téxtil e que se incorporou á artesanía nos últimos anos. “Tiña esa inquietude de buscar un sistema que nos facilitase o proceso sen deixar de ser artesán. Establecemos catro vías, comezamos a investigar e ao final vimos que unha delas era rendible. Foi unha loita á morte: probar tintas, acabados, lacados...”. O resultado é dunha calidade excelente, a tinta penetra na pel a modo de tatuaxe sendo permanente e indeleble. Ademais, xa teñen unhas peles nas que teñen determinado todo o proceso, xa que nin todas as tintas nin todos os coiros serven. Continúan investigando, na procura de perfeccionalo máis.






Na Mariña de Lugo, en Viveiro, o taller Regal Cerámica Artesán dálle vida a un antigo curtidoiro, unha fábrica abandonada durante anos, que hoxe emprega a once persoas, das que nove son artesáns. O obradoiro recolle o testemuño dos anteriores ocupantes deste impresionante recinto que se estende ao longo de máis de dous mil metros cadrados, un antigo curtidoiro que foi tamén un importante motor económico na Mariña. Alí traballan tanto con porcelana como con gres, sobre a que aplican uns deseños e unha estética moi recoñecible, baseada na iconografía popular e na tradición escultórica moderna, segundo asegura o seu autor e tamén promotor deste centro, Alfonso Otero Regal. As súas pezas chegan a máis de 300 tendas en España e a varias no estranxeiro. Entre elas hai obxectos decorativos, como pequenas esculturas ou máscaras, e outras de aplicación práctica, como xarróns, caixas, bomboneiras ou a colección de licores e augardentes en canecas de cerámica. A partir da traxectoria do obradoiro Regal Cerámica Artesán nace o Centro de Arte Regal Xunqueira que na actualidade acolle outras moitas posibilidades que van máis alá da elaboración artesanal da cerámica e que pasan pola comercialización da artesanía, a formación especializada, a recuperación do patrimonio e a exposición artística.

A rehabilitación do recinto no que se atopa procurou respectar o seu pasado como curtidoiro así coma o seu estilo arquitectónico. “No século XIX viñeron familias vasco-francesas facerse cargo dos curtidoiros. Aquí foron os Donapétrý, que se mantiveron case ata final de século”, explica Regal, “e todo o que fixeron ten o estilo do tipo de construción vasco-francés, grandes aleiros para que a auga non toque a parede, tipos de adornos, etc”. Estas características foron respectadas fielmente á hora de acondicionar esta fábrica de curtidos ao seu novo uso, tal e como se pode apreciar a simple vista, polo que este complexo constitúe un exemplo de rehabilitación industrial. Deste xeito, Regal combinou o seu interese arquitectónico con outra das súas reivindicacións: a aplicación da cerámica á arquitectura. Así, o exterior da fábrica e o patio interior están decorados con cadanseu mural en azulexo que desbordan cor, deseñados por

## O Centro é un exemplo de rehabilitación industrial e de aplicación da cerámica á arquitectura







Otero Regal, así coma outro que enche de vida un corredor que conecta dúas dependencias do obradoiro de cerámica.

Pero Regal Xunqueira é moito máis ca un obradoiro artesanal. Nun espazo anexo ao edificio principal atópanse dúas salas de exhibición permanente onde se pode realizar un percorrido pola traxectoria artística do propio artesán, así como por obras doutros creadores. Nas dúas plantas que compoñen este inmobile as pezas distribúense segundo a súa función, de xeito que na parte máis alta se poden ver as de carácter artístico fronte ás comerciais, situadas na planta baixa. Neste espazo, a súa obra artística dispónse cronoloxicamente por décadas, a través de paneis dispostos en zigzag, coa intención de inducir o visitante a camiñar polo espazo para descubrir as diferentes obras. “Para que haxa un itinerario temos as paredes, non como en museos nos que entras e xa ves a última obra”, asegura o ceramista Otero Regal. Nos diferentes módulos pódense ver gravados, debuxos, cerámica, murais e tamén pintura, así como obras de artistas tan coñecidos como Chillida, Picasso, Miró ou Tàpies. A planta inferior acolle as pezas descatalogadas da cerámica de Otero Regal, tamén ordenadas de xeito cronolóxico, así como outras pezas coas que se experimentou no obradoiro e que finalmente non saíron á venda, como é o caso das pezas realizadas en porcelana azul e, xusto á entrada desta sala, hai tamén un pequeno espazo reservado ás orixes da cerámica no norte de Galicia. E camiñando entre os módulos vense algúns dos motivos máis coñecidos deste obradoiro, motivos animais, unha interpretación das Meninas de Velázquez ou mesmo pezas conmemorativas que se elaboraron con motivo dalgún evento. Tamén se produce algún descubrimento sorprendente, como a colección Gaudí, caracterizada por ter unha estética completamente diferente ao resto das obras de Regal Cerámica, moi próxima ao estilo do arquitecto catalán, decorada con verdes, amarelos e vermellos e que é frecuente atopar nos comercios da cidade condal. Por último, ao fondo da sala, un módulo acolle pezas de outros artesáns e de artistas que traballan distintas técnicas de cerámica.

### **Cerámica e pel**

Non todo é cerámica no Centro Regal Xunqueira, xa que o seu pasado como curtidoiro ten reservado un espazo de seu: o Centro de Interpretación da Pel. Trátase dunha sala presidida por unha



○ **Regal Cerámica Artesán**  
**Camiño Real, 127 Xunqueira. Viveiro**  
**Tel.: 982 562 589**  
**ceramica@oteroregal.com**  
**www.oteroregal.com**  
**Carta de artesán nº 189**  
**Obradoiro artesán nº 46**





impresionante pedra do muíño que se empregaba para extraer o tanino da codia do carballo, un composto preciso no tratamento da pel para evitar que se podreza. Neste espazo destaca especialmente o labor de recuperación e de restauración das ferramentas, que se exhiben nuns paneis e que constitúen unha das máis completas coleccións de útiles de curtido. Co obxectivo de que sexa unha visita didáctica, na propia sala dous grandes taboleiros explican todo o proceso de traballo, as súas aplicacións e a orixe desta fábrica de curtidos de Viveiro que pechou en 1962.

De feito, todo o complexo está articulado de xeito moi didáctico, xa que este é un dos obxectivos que están no cerne de Regal Xunqueira. Tanto é así que mesmo puxeron en marcha unhas bolsas orientadas a artistas internacionais, dotadas con 10.000 euros para traballos relacionados co deseño, cos proxectos, coas artes plásticas e coa cerámica. No propio complexo habilitáronse uns apartamentos para estes bolseiros e reservouse unha parte do obradoiro para que os artistas convidados poidan realizar algún traballo creativo no centro.

Trátase dun programa aberto ao público xeral, posto que o obxectivo é que o Centro de Arte Regal Xunqueira acade unha grande repercusión social, tal e como explica o artesán. Por este motivo, o complexo tamén inclúe unha sala de exposicións temporais, onde exhibe tanto a propia obra coma a doutros artistas, entre as que destaca unha mostra sobre artistas da Mariña. Esta sala de exposicións dá acceso a un patio interior, chamado o Bosque das esculturas que tamén acolle exhibicións temporais. O Centro conta tamén cun salón auditorio con capacidade para cen persoas, ademais dunha biblioteca dotada de máis de dez mil volumes.


En definitiva, o ceramista Otero Regal propón para a comarca da Mariña un complexo cultural que se presenta como un espazo dinámico, aberto todos os días do ano, incluída a fin de semana, agás Nadal e Aninovo. "O ano pasado tivemos máis de 4.000 visitas", asegura Regal, promotor deste centro, que se está a converter nun dos edificios máis emblemáticos de Viveiro.

## O Centro de Interpretación da Pel axuda a comprender o pasado deste antigo curtidoiro

Por segundo ano, o bo saber artesán ten a súa cita cos "Premios Artesanía de Galicia", que convoca a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Nesta segunda edición, a cerámica gozou de ampla representación, copando as tres categorías que se establecen, aínda que con propostas moi diferentes, como son un obxecto funerario, unha lámpada e un conxunto de xoiería. Así, o Premio Artesanía de Galicia, que recoñece o conxunto dunha obra no que se combine deseño, calidade, a cultura tradicional e mais teñan presenza as tendencias máis actuais, foi parar á obra "Cinzas", de María de los Ángeles Merino Ballesteros. A peza conxunta, "Fotomeleira", dos artesáns José Elías González Prieto e María Dolores López Vázquez, obtivo o Premio Innovación, no que se valoran produtos ou accións de innovación e modernización do sector artesanal galego. "Para quen entrou no baile", de Sabela Orgueira Viqueira, foi recoñecida co Premio Novos Creadores, dirixido a artesáns de menos de 35 anos para estimular o traballo dos artesáns máis novos. O xurado estivo presidido pola directora xeral de Comercio, Nava Castro Domínguez e, en calidade de secretaria, contou con Aparición Calo Grille da Dirección Xeral de Comercio. Os profesionais seleccionados como vogais foron o director da Escola Técnica de Xoiería do Atlántico (Vigo), José Carlos Pereira, a artesá textil Nuria Conesa "Nuna", a ceramista Susana González, o artesán Lis Latas, gañador da primeira edición dos premios, e mais David Barro, crítico de arte e comisario de exposicións. Estes galardóns constitúen un verdadeiro estímulo á creatividade no sector artesanal galego, e ao mesmo tempo contribúen a dinamizar e dotar de visibilidade a artesanía, concienciando da importancia estratéxica que ten na economía e na cultura de Galicia.

## Premios Artesanía de Galicia

galería





## **Galardoados na II Edición do Premio Artesanía de Galicia**

### **- Premio Artesanía de Galicia á obra “Cinzas” de María de los Ángeles Merino Ballesteros**

Trátase dunha furna funeraria realizada en cerámica na que a artesá propón empregar xunto con gres e co esmalte, unha parte das cinzas da incineración para a elaboración do propio recipiente. O resultado é unha peza de carácter escultórico que conceptualmente ten en conta as características do finado. Deste xeito, e como a propia artesá explica, ofréceselle “unha peza exclusiva para a persoa que ten relación con ela”. Este premio é moi significativo para ela: “é un recoñecemento que valora o traballo que un fai”, asegura. A dotación nesta categoría é de 10.000 euros.

### **- Premio Innovación á obra “Fotomeleira” dos artesáns José Elías González Prieto e María Dolores López Vázquez.**

Reinterpretar o uso das meleiras que se producían na olería tradicional de Gundivós, hoxe en día obsoletas, foi a proposta desta parella de artesáns. O oleiro Elías González realizou a meleira segundo as técnicas tradicionais e empregando o torno baixo. Unha vez rematada Dolores López aplicoulle as pezas elaboradas a partir da fusión en forma de grans de cor mel, o que deu como resultado esta peculiar lámpada. O galardón tiña unha dotación de 6.000 euros.

### **- Premio Novos Creadores á obra “Para quen entrou no baile” de Sabela Orgueira Viqueira.**

A artesá do obradoiro Eira Cerámica propuxo unha colección de complementos elaborados en gres que a través do seu deseño establecen un intenso vínculo coa cultura musical galega. Así, os brincos, os colgantes ou os broches que constitúen a serie amosan motivos como pandeiretas ou tambores, así como unha parella bailando. “Moita xente metida na música tradicional séntese identificada con eles”, asegura Sabela, quen considera que este tipo de recoñecementos son “un pulo” que axudan a nivel publicitario e económico, e sen dúbida ningunha, tamén a nivel emocional. Os engarces son en prata e emprega cordón de ante. Un total de 4.000 euros era a dotación desta categoría.

Os premiados recibirán un galardón elaborado por David Soengas, artesán que resultou gañador da primeira edición dos Premios Artesanía de Galicia, na categoría de Novos Creadores. A peza reproduce o logotipo de Artesanía de Galicia en tres pedras diferentes.

## **Finalistas ao Premio Artesanía de Galicia**

- “Entre brancos e pretos” de Xabier de Sousa Alonso.

A proposta foi un libro de artista impreso nunha matriz de gravado sobre prancha de metacrilato. Nel empregou as técnicas de colografía e punta seca, e ía impreso a sangue en papeis tamén feitos á man e cunha cuberta en pel de poldro, para o que empregou as cores negra e gris. O feito de ser finalista ao galardón sérvelle, segundo o artesán, como estímulo debido á súa propia esixencia en canto á calidade dos produtos que realiza. “Non cabe dúbida de que é un recoñecemento”, sinala.

- “Caixa con tapa calada” de Francisco Javier Pérez Martín.

O artesán do obradoiro Taxus propuxo unha caixa realizada en madeira torneada, resultado dun complexo exercicio técnico, xa que o torneado se fixo con diversos centros e o calado é dobre, superior ao que se adoita facer. Para isto empregou madeira de castiñeiro e faia. A súa intención é desenvolver técnicas de carácter máis actual, levándoas a límites descoñecidos.

- “Outono na Ribeira Sacra” de María Pilar Rodríguez Gonda.

Neste lenzo, a artesá combinou varias técnicas téxtiles, tales coma o bordado, o nuno e o feltrado manual ou feltrado con agulla. A base era unha peza de estopa centenaria tecida de xeito manual, igual que as diversas tinguiduras ás que someteu a la empregada. A inspiración temática é a paisaxe da Ribeira Sacra, para o que representa acios de uvas e follas de viñas, recorrendo a unha gama cromática que remite á época do outono.



















Premio Novos Criadores á obra "Para quen entrou no baile" de Sabela Orgueira Viqueira



**“Caixa con tapa calada” de Francisco Javier Pérez Martín**





**"Entre brancos e pretos"**

Este Livro de Artista consta de 1 gravado original realizado e impresso a tinta sobre papel Arches, com técnica de Colagem e Ponto Negro sobre unha plancha de metalizada de 130 x 24 cm.

O gravado foi impresso a sangue, sobre papel Arches de 300 gr. Cacho medida de 187 x 21 cm.

O desenho do livro de artista e a montagem foram realizados no Taller de arte.

Este livro de artista consta de duas edições de 100 exemplares numerados de 1/100 a 100/100, 18 PA (provas de artista) numeradas de 1/N a 18/N, 2 PE (provas de estado) numeradas de 1/1 a 2/1, 2 PC (provas de arte) numeradas de 1/1 a 1/18, 1 HC (Ilustração), um D&T (Ilustração e Tinta) e uma PT (Prova de Taller).

Exemplar nº



**"Entre brancos e pretos"**

XOBIÁN ZORRO  
EN LIBRO, SOBRE O MAR

En Libros, sobre o mar,  
brancos sobre as manchas labras,  
pa, máis sobre belidade!

En Libros, sobre o mar,  
brancos sobre as manchas labras,  
pa, máis sobre belidade!

Brancos sobre as manchas labras  
e no mar as manchas labras,  
pa, máis sobre belidade!

Brancos sobre as manchas labras  
e no mar as manchas labras,  
pa, máis sobre belidade!







**"Outono na Ribeira Sacra" de María Pilar Rodríguez Gonda**



# Da feira à web



Composite Video  
Searching





**Á hora de poñer un produto no mercado todas as posibilidades que se abran son sempre ben recibidas. Ás tradicionais agora súmaselle unha nova opción, internet, que abre un interesante abano de posibilidades non unicamente para a difusión, senón tamén para a comercialización do traballo artesán e para o intercambio de coñecementos. A rede preséntase como unha ferramenta clave para informar e vender o que se realiza no obradoiro, cada vez dun xeito máis sinxelo. Non é teoría: son feitos reais. Artesáns doutros países nos que a implantación de novas tecnoloxías leva a dianteira así o confirman: internet é a fiestra á que o artesán debe abrirse. Hoxe o obradoiro está máis *online* ca nunca.**

As tecnoloxías alíanse tamén coa artesanía. Internet ábrelle as portas a un novo xeito de comunicarse e tamén a posibilidades diferentes para poñer en circulación os produtos feitos á man. É importante, pois, coñecer cales son as principais ferramentas para introducirse, e non hai mellor xeito que facelo ca da man de quen xa leva anos de experiencia neste ámbito. Se ben en España o comercio electrónico está a dar os seus primeiros pasos, en países coma Gran Bretaña leva anos en pleno funcionamento. É por iso que a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño propuxo un obradoiro no que os artesáns puidesen realizar un achegamento ao márketing por internet da man de profesionais con ampla experiencia que ofrecen un punto de vista práctico. Nesta cita, que se celebrou entre o 17 e o 18 de outubro no obradoiro de Lluís Grau e Anna Champeney, un dos docentes convidados foi Robin Wood, artesán inglés especializado en fabricar cuncos en madeira torneada e que hai xa doce anos que ten o seu propio espazo na rede.

“A miña esposa, que é informática, enterouse das posibilidades que nos ofrecía o comercio por internet e en moi pouco tempo cheguei a vender pola rede o 50% do que producía”. Este método supúxolle unha maior comodidade na distribución: “significou para min que non tiña que me desprazar ás feiras”. Wood destaca que isto é moi interesante para pequenos produtores, como é o caso dos artesáns, posto que a rede non é un espazo exclusivo para as grandes empresas senón que se presenta como unha oportunidade idónea para o seu tamaño.

Neste encontro tamén explicaron a súa experiencia Manolo Rolán, propietario dunha casa de turismo rural, e Martin Goetz-Jablonovski, experto en posicionamento de páxinas web. Entre os tres puideron constatar as dúbidas máis frecuentes que lle propuxeron os artesáns que acudiron a estas xornadas buscando como achegarse e mellorar a súa presenza en internet. A dificultade da tecnoloxía e o prezo parecen ser as principais barreiras que atopan, en cambio, cómpre desmitificar isto, como ben explicou Martin, un alemán afincado en Sober. “Hoxe en día é moi fácil, porque técnica e contido están separados. Técnica e deseño só se tocan unha vez, despois todo é contido”, asegura, insistindo no simple que resulta engadirlle contido ás páxinas grazas aos programas que existen hoxe en día. Sobre o prezo, Martin Wood está convencido de que se amortiza facilmente: “se comparas o investimento que fas cunha páxina web, mesmo pagándolle a un técnico para que o faga, pódete custar 300 euros, que non é nada comparado co que gastas en facer folletos”.

**“Cheguei a vender o 50%  
do que producía pola rede”**

Robin Wood



### As claves

Ao dar o paso á rede, hai certas claves que os expertos recomentan e nos que coinciden. A sinxeleza é unha delas que ademais é a grande aliada do artesán, xa que axuda a darlle maior protagonismo aos produtos, facilita a actualización dos contidos e elimina complicacións innecesarias no deseño, que ademais adoitan ser caras e pouco efectivas. Así que ante todo, hai que fuxir dos grandes efectos especiais e aproveitar as ferramentas gratuítas que existen á disposición dos usuarios como Wordpress para escribir un blog ou Flickr para gardar e publicar imaxes. Os custos máis básicos que pode ter que asumir un artesán ao montar a súa tenda online é a adquisición dun dominio, é dicir, do enderezo que desexa ter (como [www.artesaniadegalicia.org](http://www.artesaniadegalicia.org)), e un aloxamento no que poder ir almacenando os arquivos, como imaxes e textos, que integren a súa web.

## “É unha fiestra de futuro, e aos creadores artesáns convenlles estar nela”

Martin Goetz

A nivel de contido hai certos elementos que nunca han de faltar, de acordo coa experiencia de Robin Wood. Así, sinala que é importante incorporar as imaxes dos produtos, un apartado ao que se lle dedicou boa parte do tempo no obradoiro celebrado en outubro, para buscar as condicións que mellor axudasen a reflectir nunha fotografía as pezas realizadas.

“Vimos que facilmente, atendendo a uns principios moi básicos podes facer fotos moi boas, entendendo os ángulos, a luz e con moi pouco esforzo”. Cada imaxe debe ir acompañada dun texto que contextualice a peza, é dicir, o traballo artesán responde a unhas tradicións e a unhas técnicas artesanais, algo que o fai diferente dos demais produtos que ofrece a rede. “A artesanía é un conxunto de produtos con historia, con identidade”, precisa Robin, e iso é preciso materializalo tamén na rede. O prezo é outro dos elementos clave para fomentar a venda, sen el é moi difícil que un consumidor se interese polo produto, e



fai imposible que se realice a venda. O mesmo acontece cos gastos de envío, teñen que estar sempre recollidos. Despois, debe estar claramente indicada a opción de mercar, a través dun debuxo ou dun texto, un botón que permita pechar esa compra.

Como di Martin, todo é probar, irse achegando, e indica que "é un bo momento, porque en Galicia é unha fiestra de futuro", e aos creadores artesáns convenlles estar nela. E o futuro está moito máis próximo do que a simple vista pode parecer. De acordo co informe "Diagnóstico tecnolóxico de la artesanía en España", un 7,5% das compras que realizan os internautas en internet son de pezas de artesanía, segundo datos do Observatorio de red.es, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Unhas cifras que continúan medrando e que animan a interesarse e descubrir o comercio online.

## 7,5% das vendas por internet son de produtos artesáns

Fonte: FUNDESARTE / Observatorio de red.es  
Maio, 2008



Robin Wood  
[www.robin-wood.co.uk](http://www.robin-wood.co.uk)

Manolo Rolan  
[www.acastineira.com](http://www.acastineira.com)

Martin Goetz  
[www.lifeingalicia.com](http://www.lifeingalicia.com)

@@@

Enderezos útiles en internet:

[www.flickr.com](http://www.flickr.com)  
Creación de galerías de imaxes

[www.paypal.es](http://www.paypal.es)  
Pagamento online

[www.wordpress.com](http://www.wordpress.com)  
Creación de blogs

[www.youtube.com](http://www.youtube.com)  
Aloxamento de vídeos online



## Xemas de papel

Son pequenos tesouros feitos en papel. As xoias que realiza o artesán Diego Ante combinan a tradicional prata con outro material inusual, como é o papel. Aí radica a súa orixinalidade que xorde da súa paixón pola papiroflexia e pola cultura xaponesa, como se apreza nos resultados. Traballados polo miúdo, seguindo ao pé da letra as rigorosas técnicas do modelado do papel coas mans, Ante diseña e elabora miniaturas que reflicten á perfección o dominio da técnica e o esmero requiridos nestas xoias.

### Como foi o teu achegamento ao deseño de xoiería?

A verdade é que foi bastante por casualidade, máis que nada porque non sabía que facer coas miniaturas de papel que facía e o paso seguinte foi tratar de facer un brinco con elas. O primeiro par de brincos foron unhas paxariñas de papel, aínda que o resultado non ten nada que ver co aspecto que ten ese modelo na actualidade.

### E por que o papel? De onde vén o teu interese pola papiroflexia?

Desde pequeno xa me gustaba traballar co papel, en concreto facer maquetas en cartolina. Na facultade un amigo ensinome as primeiras figuras de papel. Descubríñ todo un mundo no que tan só cunha folla de papel e cun par de mans se podían facer marabillas. Diso hai uns oito ou dez anos. Quizais é debido a que case non se necesita material, tan só habilidade, é unha loita continua por mellorar na que o límite só está na túa cabeza e nas túas mans.

### Cando das o paso a Joyas de papel?

Pois créase hai uns 7 ou 8 anos e comercialízoas desde hai 5. Non foi un paso consciente, máis ben foi a modifión, probar cun produto, dar un pequeno paso, probar con outro, aprender a montar, a miniaturizar máis pezas... quizais as xoias tal e como son agora datan de hai un par de anos, nos que encontrei o método que me deixou satisfeito e agora estou tentando innovar con pezas como colgantes ou tocados.

### Que che achega o papel como material para que te intereses por el?

A inmediatez. Pódese facer en calquera sitio, con case calquera papel. Dá igual que sexa unha servilleta dun bar ou un papel xaponés traído expresamente para unha peza. Con que as mans che respondan podes comezar a traballar e facer algo en calquera sitio, aínda que non sexa unha xoia.


### Antes de chegar á peza, como é o proceso creativo, como a ideas?


Depende da peza, hai algunhas, poucas por desgraza, que simplemente aparecen, imaxíñalas, traballas un pouco... e *voilà*, xa temos a peza acabada. Pero normalmente buscas unha figura, probas, miniaturizas... e non consigues nada, pero aprendes para a próxima. Na actualidade estou traballando nunha serie de Geishas xaponesas e inspírome en antigos gravados para obter vestidos e peiteados. Noutras figuras depende un pouco, ando cun caderno case sempre onde anoto ideas que ás veces consigo converter en algo definitivo. Teño por exemplo unha idea dun brazaletes co que levo ano e medio ás voltas e non logro sacar nada en claro, principalmente pola imposición do papel que non permite que se poida dobrar.

### En que te inspiras para escoller os diferentes motivos?

Na natureza, nos gravados xaponeses, en tinturas con degradados feitas á man que sempre varían... Na imaxinación. Poderíase dicir que depende do que a peza me pida.

**“Inspírame a natureza, os gravados xaponeses, as tinturas con degradados feitas á man... A imaxinación”**





**“Internet foi un gran pulo para o meu traballo e para a posibilidade de mellorar os deseños polas moitas influencias que recibo”**

### **Cales son as fases do proceso de elaboración?**

O primeiro é preparar o papel, se ben algúns papeis son comprados outros moitos prepároos no taller. Despois vén a parte de papiroflexia propiamente dita, na que pego o papel ata obter a figura definitiva. E finalmente a fase de protección, na que emprego tres ou catro días, dando capas a pincel ata que a figura obtén a dureza e resistencia á auga e aos golpes que busco.

### **Papeis únicos**

#### **Unha das claves da orixinalidade dos teus produtos son os papeis tan especiais que empregas. Como os atopas?**

Pois revisando tendas tanto en Galicia como en Madrid, ou comprando en Xapón e Corea. Por desgraza, non hai moito material que me valla xa que son papeis moi especiais, así que cando atopo algo que me gusta nunha tenda toca compralo, aínda que non o poida empregar nese momento.

#### **Tamén empregas papeis adaptándoos a novos usos, como xornais ou envoltorios. É máis complexo?**

Si, son papeis que teño que preparar primeiro, endurecéndoos (no caso dos xornais ou dos papeis de caramelos), ou ás veces mesmo facéndoo máis finos por medio de raspados. Ou quizais tinguíndoos coas cores que busco, xa que moitas veces teño o papel que necesito pero non é da cor que fai falta. Ou, por exemplo, nas novas pezas nas que traballo en tea, primeiro teño que tratala para endurecela e así poder



pregala. Son pezas que non van cosidas nin pegadas, tan só é tea dobrada.

**Nas túas creacións aprécianse influencias xaponesas, unha cultura na que a papiroflexia ten máis importancia do que na nosa. É unha fonte importante no teu traballo?**

Si, e cada vez máis, non só porque é un tema que me interesa senón tamén porque o pide o público. Hai que recoñecer que o xaponés está de moda. Pero como comentei antes, hai pezas que teñen unha clara influencia como as geishas, nas que trato de reproducir traxes tradicionais na medida do posible.

**Á parte do papel, empregas ferramentas especializadas?**

A verdade é que non, non me apaño para dobrar o papel con pinzas, así que o fago todo á man. Emprego pinzas para suxeitar pezas cando hai que tratelas e pouco máis.

**Parece un material fráxil, en cambio é todo o contrario, non?**

O papel parece máis fráxil do que é. A maioría das pezas están protexidas por varias capas, pero outras, como as bocas, tan só levan papel. Tamén son pezas que non sofren moito por levarse na solapa, e ademais encántame o acabado que teñen polo que non considero que deba protexelas moito máis.

**Que é o que ofrecen os teus produtos que os diferencia doutras xoias, cales son as súas principais garantías?**

Ofrecen un toque distinto, quizais todo o mundo poida levar unha xoia de prata, pero pouca xente pode levar unha de papel, son distintas e exclusivas e iso a xente valóralo. As garantías? Un traballo ben feito, neste mundo non te podes permitir un produto defectuoso, cústache moito facerte un nome para que o tires abaixo por produtos mal acabados.

**Cales son os produtos que forman parte da túa colección?**

Pois na actualidade teño brincos e aneis montados en prata, tamén broches e agullas para as solapas. Preparei algúns modelos de colgantes de diverso tipo e agora estou inmerso na creación de complementos para o pelo, aínda que non teño nada totalmente rematado, pero teño varios prototipos de pinzas, tocados e peinetas.

**Experimentaches con outros materiais?**

Si, encántame experimentar con diversos tipos de papel e agora estou comezando a facer broches e aneis con tea pero mantendo o espírito das pezas, en que só se pode dobrar. Quizais nos tocados comece a traballar con mesturas de materiais, facendo a peza principal con papel ou tea e engadíndolle algunhas pezas. E finalmente nalgúnhas das pezas engado pequenos cristais de Swarovsky, aínda que non o fago moi frecuentemente.

**Fixéronche encargos dalgún deseño en especial?**

Si, recibín diversos encargos para vodas e festas de fin de ano, brincos a xogo cos vestidos, broches con formas máis elegantes... Neses encargos o primeiro é falar co cliente e despois tratar de conxugar a idea que el ten co que realmente se pode facer co papel, e con todo iso, obtense a peza.





**Cales son as pezas coas que te sentes máis cómodo, as que prefires realizar? E as máis demandadas?**

Quizais as máis demandadas sexan os kimonos e as paxariñas, uns pola influencia de Xapón e as outras porque son a figura máis recoñecible da papiroflexia e á xente fanlle grazza. A min encántame pregar outras que me requiren máis habilidade, coma o ratiño ou as rosas. Pero realmente, agás un o dous modelos que aínda non teño dominados, gústame dobrar calquera. Agora mesmo, debido á novidade das geishas, encántame dobralas. Ademais, ofrécenme moitas posibilidades de liberar a imaxinación e conseguir que cada peza sexa totalmente única.

**Os teus obxectos presentan un deseño moi actual, bastante diferente doutras propostas que adoitan vincularse coa artesanía, quizais máis próximos á moda**



## **urbana. Cres que son compatibles artesanía e moda urbana, ou están moi afastados?**

Si e non. Temos cousas en artesanía que son difíciles de mesturar coa moda urbana como pode ser un cesto de vimbio, pero cun pouco de imaxinación calquera material tradicional pode ser compatible coa moda urbana, tan só é lograr encontrar o punto de equilibrio. Cada artesán fai o que mais lle gusta e hai moitos que están encontrando espazos dentro da moda para recuperar tradicións e artesanía.

### **Internet, o grande escaparate**

#### **Tes unha tenda online. Como te introduciches na rede?**

Pois pola influencia dunha amiga que traballa con feltro. Coñecémonos nunha tenda coa que traballabamos e falando de proxectos meteume no mundo dos blogs de artesanía e deseño. E a verdade é que foi un gran pulo para o meu traballo e deume a oportunidade de mellorar os deseños pola gran cantidade de influencias que recibo.

#### **Que supón entón internet para a promoción e comercialización do teu produto?**

É un paso moi importante, grazas á rede chegas a un público ao que non chegas por medio de feiras ou tendas. Sobre todo dáche moitos contactos, coñeces xente que traballa cousas distintas, aprendes, ensinas... É todo un mundo de intercambio e evolución que lle recomendo a calquera artesán. E, por suposto, dáche unha publicidade que non ten prezo, podes recibir nun mes miles de visitas que aínda que non compren nese intre saben que existes e acordaranse cando busquen un regalo orixinal.

#### **Realizas outros tipos de distribución: feiras, venda directa... Que tal resultan? Que tipo de feiras che interesan máis: profesionais ou de venda directa?**

As feiras de venda directa funcionan moi ben. En outubro estiven no Nomada Market, unha feira de novo deseño en Madrid e a verdade é que a experiencia mereceu a pena en todos os sentidos. Son feiras nas que se traballa moi ben e nas que tes oportunidade de coñecer a outros deseñadores e de ver tendencias.

#### **Que opinas das novas propostas que están xurdindo da man da artesanía galega contemporánea?**

Galicia é un dos lugares de España onde máis se está a fomentar a artesanía, e cada vez aparecen novos e mellores valores. Temos moi presentes as tradicións e, pouco a pouco, estanse a recuperar fundíndoas coas novas tendencias para obter produtos únicos.



- **Joyas de papel**  
Rúa Tomás Mirabel, 80  
Nigrán  
Tel.: 600 685 370  
diegoante@gmail.com  
<http://joyasypapel.blogspot.com>  
Carta de artesanía nº 3.813

A olería é unha actividade artesanal de orixe milenaria que en Galicia chega ata os nosos días practicamente intacta. As mans sabedoras foron transmitindo esa técnica co paso do tempo e hoxe podemos presumir de importantes centros oleiros, como é o caso de Gundivós, no Concello de Sober. Se ben os usos foron cambiando, xa que pouca aplicación práctica queda daquela para a que foi concibida a olería, hoxe seguen a ter demanda estas pezas de barro autóctono, entre as que destacan as escuras ámboas que foron utilizadas durante séculos para transportar o viño de Amandi.

## Gundivós, terra de cacharreiros

No Concello de Sober, ao sur da provincia de Lugo, véñse elaborando dende hai centos de anos unha cerámica que destaca pola súa cor escura e cincenta. A localidade de Gundivós dálle nome a esta olería, unha das máis primitivas da Península Ibérica e a única de torno baixo que se conserva en Galicia. A olería de Gundivós foi empregada durante séculos ata que, a mediados do s.XX, o plástico substituíu as vasillas de xeito masivo, condenándoas case á súa desaparición. A recuperación desta olería chegou da man dun grupo de emigrantes retornados a finais dos anos setenta, decididos a comezar de novo ás voltas co torno baixo. O tempo xa diría como reintroducir no mercado os xerros de viño ou as ámboas. Obdulia Rodríguez, Federico Díaz, Agapito González, Alonso Díaz e Xosé Ventura foron quen retomaron a olería en Gundivós, fieis á tradición dos cacharreiros que aprenderan antes de marchar de Galicia. Deles, só Obdulia e Agapito continúan traballando, aínda que xa non para a venda ao público. Así e todo, si que atoparon xente disposta a aprender o oficio e a descubrir esta artesanía tan peculiar da Ribeira Sacra, persoas que decidiron converterse en oleiros e que se refiren a estes artesáns como auténticas autoridades na materia. A pesar desta recuperación do oficio, hoxe en día estamos aínda lonxe de igualar as cifras de ocupación coas que contaba este sector nos anos cincuenta, con máis de corenta oleiros en Sober.

Estas pezas de Gundivós parten dunha materia prima excepcional que recollen os propios artesáns das barreiras da zona. Empregan dúas clases de barro: un máis forte, o barro "correúdo", e outro máis areoso, o "faragullán". Despois de realizar un tratamento nunhas pías para que se molle e se abrande, haino que machucar varias veces ata que colla unha humidade determinada. Tras varios días de repouso pódese empregar para elaborar as pezas a partir de "cirillotes" ou "churros", unha técnica que xa se empregaba na primeira olería castrexa do neolítico.

A roda, como se coñece este torno, é baixa, levanta pouco máis de medio metro do chan, e está feita en madeira de carballo. O propio oleiro é quen a move á man mentres tornea, agás en pezas moi grandes, nas que debe ser axudado a movela. E alí elabora os tradicionais xerros, caracterizados polo seu bordo alto e recto, que vai decorado con "bincos" na barriga e con "bigotes" no bico, que actúan tamén como reforzos. A ferramenta máis importante é a pitela, unha lámina de madeira de salgueiro ou de cerdeira, duns 15 cm de alto aproximadamente, que se emprega para rematar a superficie exterior das pezas e para decorar. Tamén se usan os trapos de la ou de liño para rematar as paredes e a beira.

Un proceso que a simple vista pode parecer que teña unha importancia menor é o de enfornado que, en cambio, ten un peso crucial. Para iso hai que emboquillar as pezas, é dicir, colocalas dentro do forno, algo que precisa unha coidada atención e experiencia, pois unha mala distribución implica perder moitas ao romperem, xa que se poden mover polas altas temperaturas que se rexistran no seu interior. O proceso de cocción dura entre 7 e 9 horas nas que o oleiro ten que temperar, é dicir, regular a intensidade do lume segundo se precise máis ou menos calor no interior, sen poder separarse do forno. Comézase con leña miúda, despois carqueixa, toxo, gallas de distintas árbores, coma carballos ou xestas e remátase con toxo e carqueixa, que xeran moito lume.

Unha vez que as pezas están cocidas e frías, o interior daquelas que vaian conter líquidos cóbrese cunha resina de piñeiro, o pez, que as impermeabiliza, ao tempo que lles dá o seu brillo característico. Hai que coller peza a peza, e pasala polo lume sosténdoa cunha vara para que se derreta a resina. Deste xeito, a peza adquire esa cor escura que caracteriza a olería de Gundivós, empregada orixinariamente só nas pezas que foran conter líquidos e que hoxe en día se emprega en case todas as pezas por cuestións de estética.



A Reitoral de Gundivós  
Igrexa de Gundivós, 51  
27460 Sober  
Tel.: 982 460 097  
o Carta de artesán nº 2.412



# A Reitoral de Gundivós



Elías Torres aprendeu da man de Agapito o oficio de cacharreiro, que é o nome co que se coñecen os oleiros desta zona da Ribeira Sacra, no tempo libre que lle deixaba o seu traballo. “Os oleiros antigos aprendéronme e botáronme unha man porque atoparon alguén que seguise coa tradición. Eu vin que a olería de Gundivós podía ter futuro pero sempre transmitindo a cultura da zona, o que as persoas de aquí xa facían”. Entón foi cando a Elías se lle abriu unha nova oportunidade que lle supuxo iniciar o camiño como artesán profesional e renunciar ao seu traballo previo. E así foi definindo o estilo da súa olería, na que fusiona artesanía e turismo grazas ao complexo que montou en Gundivós. Hai cinco anos que Elías adquiriu a Casa Reitoral, restaurouna e acondicionouna como un centro cultural enfocado á olería tradicional. “Aquí hai un turismo rural consolidado con balnearios, casas rurais, paradores, etc., que acaparan un público moi interesante, ao que lle gusta desprazarse pola zona. Nós estamos introducindo a opción do turismo cultural, no que Gundivós encaixa como un punto de visita e dentro de todo isto, este edificio é un extra máis”.

Así, na rehabilitación da Reitoral habilitouse unha sala para conferencias, outra para a exposición de pezas antigas e tamén para a venda. Unha visita onde ademais se pode ver ao propio oleiro realizar o seu traballo. “A Reitoral de Gundivós pensouse primeiro como unha olería sostible, funciona como un centro de visitas, tamén orientado a grupos, ás que se lle propón unha visita polo edificio que inclúe unha demostración en vivo da elaboración de pezas. Despois realízase unha charla, nas que os levamos polas antigas adegas e lles explicamos para que servía cada cousa. Por último, pasamos a unha cociña na que a olería tiña unha importancia fundamental”. A reitoral tamén conta con varios cuartos acondicionados co obxectivo de acoller congresos ou cursos, así como de ofrecer hospedaxe.

A Reitoral é para Elías un proxecto integral co que busca potenciar a zona, aínda que ten claro que a súa profesión é a de oleiro e a esta actividade é á que lle dedica a meirande parte do seu tempo. “A demanda das pezas agora é minoritaria pero é continuada. Por exemplo, o xerro do viño, que é unha peza emblemática de aquí hoxe en día aínda se usa; outros recipientes, como meleiras, están completamente desfasadas, mentres que os asadores teñen moita demanda”. Aínda así, Elías ten claro que o seu desexo é recoller a tradición da olería de Gundivós e transmitila íntegra a través do traballo que realiza, tal e como se fixo de xeración en xeración, aínda que os usos aos que se destinan esas pezas fosen cambiando. “Hoxe en día teñen unha saída como peza etnográfica, é algo que a xente ten que valorar, isto é a cultura da zona. Cando compran levan tamén parte da nosa cultura”.

# Figulus: Tomás López e Otilia Arias

Figulus é o obradoiro dos artesáns Otilia Arias e Tomás López, situado tamén no concello Sober, no que se elaboran as pezas da olería tradicional tal e como se vén facendo desde hai séculos, sempre dende o punto de vista da artesanía como patrimonio e como valor cultural. Hai máis de dez anos que traballan coa roda, un oficio que os atraía e que tiveron a oportunidade de aprender da man dos propios cacharreiros de Gundivós. "Foi un traballo de documentación", explica Otilia, que foi alumna de Obdulia. Tomás incide na procedencia desta olería e na importancia de coñecer as súas orixes: "a olería tal e como a traballamos nós hoxe en día pódese considerar das máis antigas que existen vivas en Europa, de procedencia neolítica", indica apoiándose nas conclusións que se foron obtendo en xacementos castrexos coma os do Castro de Vilalonga. Sinala tamén a importancia da olería de cara ao inicio do sedentarismo, xa que se fixo moi necesario posuír recipientes que permitisen acumular grao ou líquidos, por exemplo.

O coñecemento de Tomás arredor da olería e da artesanía en xeral foi unha importante contribución ao Proxecto Ronsel, unha iniciativa dirixida á recompilación e á posta en valor do patrimonio cultural inmaterial galego. Este proxecto está apoiado polas tres universidades galegas, pola Consellería de Cultura e Turismo, así como pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader). Basicamente, os seus obxectivos son a identificación, a documentación, a investigación, a protección, a transmisión e a difusión do patrimonio inmaterial, entre eles, o da artesanía. Na comisión especializada neste último tema, participou Tomás López: "Fixe-



## Figulus

Corvelle - Proendos


27460 Sober

Tel.: 982 460 546

Carta de artesán nº 1.692 (Tomás López González) e

nº 2.156 (Otilia Arias García)

○ Obradoiro artesán nº 404





mos unha análise DAFO [metodoloxía que estuda Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades] para catalogar os oficios que estaban a piques de desaparecer e outros que aínda existen, e propuxemos facer grupos para nos achegar antes de que falecesen os artesáns. A segunda fase consistía na posta en práctica de escolas, museos... Era moi interesante", comenta. "O inventario está feito, o labor debería seguir", un camiño que propoñía o aproveitamento deste patrimonio para sustentar un plan de desenvolvemento socioeconómico e cultural.

Unha das recomendacións que se facían nesta área era que se trasladase este patrimonio inmaterial ao traballo nas escolas para acadar que parte da nosa cultura, como é a artesanía, se aprecie e se valore, e finalmente, para que estes coñecementos e competencias se poidan conservar. Segundo Tomás e Otilia, unha das claves para lograr o mantemento da olería, e que se pode aplicar tamén á supervivencia doutros produtos feitos á man, é que comprenda toda a historia que está detrás de cada peza artesanal. "A moita xente explícaselle o que é e cando ve o que hai detrás de cada peza, entende o seu valor, pero é xente á que lle gusta esta artesanía", e indica Otilia: "as nosas pezas son bravas, non refinadas".

Pero a Ribeira Sacra non só lles dá a Tomás e a Otilia o barro das pezas que fabrican en Figulus, senón que tamén desta zona son as vides das que xorde Lucenza, o seu viño que debe ser servido, como non, en xerros de Gundivós. Unha relación sólida, a da olería co viño en Sober, que se materializa no traballo de Tomás e Otilia, oleiros e adegueiros no corazón da Ribeira Sacra.





## A toda cor

Esther Quintas propón todo un universo en cor realizado con feltro. Animais e creacións abstractas de intensa gama cromática configuran as diferentes coleccións que esta artesá afincada en Vigo sitúa máis preto da moda urbana que da tradición téxtil. Gatos, moscas, arañas ou cabaliños de mar son algunhas das súas pezas máis demandadas que xa se atopan en varias tendas tanto en Galicia como en Madrid, e que atopan en internet o mellor escaparate posible. Malia que as creacións en feltro están a vivir un momento próximo á saturación, esta competencia afrontaa a artesá de Comocundo mediante xoias e complementos de elevada calidade, onde cada detalle foi realizado coidadosamente.

É como cando... Así comezan as explicacións infantís, a modo de xogo co que se trata de exemplificar algo que non se sabe moi ben como definir. E a modo de xogo foi tamén como Esther Quintas, do Porriño aínda que afincada en Vigo, se iniciou no mundo do feltro, un tecido que está a experimentar un verdadeiro boom no que a complementos se refire. E así xurdiu Comocundo, a marca baixo a que Esther presenta bixutería e complementos desde hai sete anos, nos cales foi perfilando unha estética colorista común en todas as súas coleccións.





Os produtos de Comocuando caracterízanse polo seu intenso uso da cor e por un coidado deseño, pero todo isto é resultado dun proceso de evolución que lle permitiu definirse co paso dos anos e coa experiencia. Licenciada en Belas Artes, Quintas ten un forte perfil creativo, así que comezou a probar co deseño da bixutería, iniciándose a través da produción de brincos. Compaxinaba a artesanía co traballo como maquilladora artística para cine e teatro, actividade que aínda continúa realizando.

“Unha amiga vendía cerámica en feiras e deixábame poñer un panel con brincos”, daquela foi cando unha tenda se fixou nas creacións de Esther. Deste xeito abríase unha nova oportunidade de negocio realizando un traballo creativo, do que gozaba e que ao mesmo tempo lle ofrecía amplas posibilidades de desenvolvemento. “Foi entón cando me propuxen facer algo distinto e ocorrúeseme o do feltro. De aí comezou a triunfar, a medrar, gustoulle moito á xente e cando me dei de conta, sen querer, podía vivir disto”, explica a creadora de Comocuando que, dende o ano 2001 conta coa carta de artesá número 2.274 do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

As leis do mercado foron as que definiron o seu catálogo de produtos, xa que desde hai anos os obxectos que máis demandan e os máis recoñecibles son os seus broches, que contan cun deseño moi identificativo. “Antes facía sobre todo brincos e, de súpeto, deixei de facelos. Nos últimos tres anos, todo son broches, broches...”, aínda que ultimamente as súas coleccións volven incluír brincos ademais doutras propostas, como aneis. De feito, o seu catálogo está repartido en catro coleccións diferentes: *Animalario*, con animais como motivos principais; *Clásicos*, que engloba os brincos; *Entulados*, unha nova proposta de vistosos aneis que combinan feltro e tules; e os *Plutinos*, unha colección con forte inspiración xeométrica de alfinetes e brincos.

Son os broches de animais o seu produto máis demandado e tamén o máis representativo do seu traballo, unha fauna chea de cor. “Gústame facer bechos que en principio son feos, como unha araña ou unha mosca, e facer deses bechos algo bonito, pero sen ser cursi”.

No tocante ao seu proceso creativo, Esther asegura que as pezas que compoñen o seu catálogo son o resultado do perfeccionamento que lle dá o tempo e a práctica. “Normalmente cada peza foi de moitas formas



**“Propúxenme facer algo distinto e ocorrúeseme o feltro. Comezou a medrar e cando me dei de conta, podía vivir disto”**





distintas. Comezou sendo dunha maneira e aos tres anos seguen evolucionando. Cando algo me gusta sígoo facendo e séguese vendendo, entón vai cambiando". É probando, facendo e desfazendo, como se sente máis cómoda Esther Quintas, xa que é como mellor pode verificar o resultado. "Ás veces córréseme algo e debúxoo, pero teño que facelo porque se non o vexo non sei se me vai gustar ou non. Teño unha morea de bosquejos feitos que non me convencen e que quedaron polo camiño". Isto explica tamén por que todas as súas pezas responden a deseños propios e non a outras propostas que lle cheguen desde fóra.

E é que no caso de Esther Quintas, esa exploración das posibilidades estéticas do feltro vai máis alá, xa que mesmo chegou a realizar unha colección de prendas con restos de feltro que combinaba cunha maquillaxe artística e danza. "Era soamente para as sesións fotográficas, gústame facer fotos con maquillaxes creando unha estética xeral, e fíxeno con esa finalidade. Hai unhas que son cunha bailarina, eu fixen todo o deseño de vestiario e ela fixo os seus pasos". Neste sentido lamenta non dispoñer de máis tempo para empregalo en realizar este tipo de proxectos de perfil máis artístico.

### Feltro, un material aditivo

"Empecei, coñecino e encantoume polas cores que ten, porque é un material que o cortas e non se esfiaña, é perfecto para facer cousas e non o podo deixar". Esther Quintas admite que ás veces desexaría cambiar de material, xa que cre que o mercado está saturado actualmente no tocante ao feltro, pero non atopa outro produto que a satisfaga tanto como este tecido sen tecer. De todos os xeitos, está probando con máis cousas, coma o tule.

**"Está todo feito á man, son cousas ás veces feitas con demasiado detalle, con loucura"**

De feito, ten previsto introducir unha nova colección de colares confeccionados con materiais reciclados, como fíos e restos do feltro, que combina con tules e con outras teas, tamén recorrendo a deseños máis abstractos. Pero polo momento estes produtos non se atopan á venda, ata que Esther considere que xa estean suficientemente desenvolvidos. "Cheguei a un punto en que me saturei un pouco de facer os animais en serie, porque son moi bonitos, pero é facelos sempre iguais... En realidade o que me encantaría é facer cada peza diferente", aínda que reconece que tamén é positivo ter tanta demanda dos seus produtos, xa que ademais de axilizar a súa elaboración, significa que as súas creacións son interesantes.

E así o demostra a súa presenza en tendas, xa que malia non ter traballado moito a distribución si que foron varios os establecementos que se interesaron polo seu traballo. "Creo que teño a sorte de que á xente lle gusta", reflexiona Esther, xa que reconece que non lle dedica moito tempo á parte máis comercial. Onde si o investiu foi na páxina web, grazas á cal está a ter moitísima visibilidade e que lle serve como o principal escaparate dos seus traballos. "A miña idea é ampliar a distribución, pero nunca cumpo os obxectivos. Gustaríame facer un enlace na páxina para facer venda directa, pídenmo moito".

Tamén é moi rigorosa no que á selección de feiras se refire. Prefire acudir a aquelas que teñen un perfil profesional, xa que de acordo coa



## Técnicas de traballar o feltro


O feltro, polas súas características, ofrece grandes posibilidades á hora de traballar con el. Aquí recolleemos catro das máis habituais:

- Feltro de tea ou amasado: é a técnica máis elemental, fabricándose ao superpoñer anacos de la que se humedecen con auga quente e un xabón neutro. De feito, pódense atopar no mercado xabóns específicos para este proceso. A medida que se van encollendo frétanse e batéanse ata ter un tecido compacto.

- Feltro de volume: emprégase para realizar figuras en tres dimensións, outorgándolle volume. O feltro cósesse ou pégase despois de introducir o material de recheo, como a guata.

- Feltro con agullas: trabállase co feltro en seco, coa la. Consiste en ir unindo as febras mediante punzadas para conseguir feltro de certa dureza ou tecido, dándolle a forma desexada.

- Feltro nuno: realízase un enfeltrado manual de la sobre teas de seda ou de algodón, que se fai mediante auga, xabón e movemento. Isto dá lugar a texturas moi especiais e novos tecidos xurdidos da mestura da la con outras teas.





súa experiencia é onde mellor lle vai ao seu produto. “Este verán fixen dúas das de venda directa e aí o meu non funciona, nesas feiras o mellor son cousas baratiñas”, e menos aínda naquelas nas que se mestura artesanía con gastronomía baixo a denominación de mercado medieval. Polas características dos seus deseños, así como polo seu prezo, responde máis ben a citas de moda urbana, coma o Daisy Market, que se celebrou na Coruña a finais de setembro deste ano.

Por iso Quintas defende deixar de vincular a artesanía unicamente á tradición e ao pasado, e incorporala a outros eidos como a innovación e o deseño, xente que trae propostas novas, frescas e orixinais, detrás das cales tamén está o selo do feito á man. E tamén se aprecia isto nas súas propias esixencias de cara ao produto que elabora: “está todo cosido á man, nada está pegado, son cousas ás veces feitas con demasiado detalle, con loucura”. E nestas esixencias está tamén a garantía, “eu véndoas e sei que isto vai durar. Todo cosido, as patas forradas con lazo; despois vexo o acabado doutras cousas, pegadas con silicona...”. Tamén emprega feltro de grande calidade, de la prensada tinguida, en oposición a outros creadores que optan por un tecido de peor calidade, máis fino, de orixe sintética e de cores menos intensas.

Este proceso mimado e coidado é tamén o que frea á hora da venda, polo incremento que supón no prezo, algo que ten freado a algún comprador. De todos os modos, si que hai quen recoñece esa calidade e o custe que ten, “ves xente na feira que di, ‘isto fágoo eu...’, pero outra si que sabe o que vale”.



#### + Feltro


A la é a única fibra natural coa capacidade de formar feltro, porque a súa estrutura en escamas permite que, cando se dispoñen en varias direccións, se ensamble de xeito moi resistente e duradeiro. Por iso o resultado é un pano que non pasa previamente por un proceso de tecido, senón por amorear as capas de la que se adhíren grazas ás escamas que a recobren. Por iso o feltro non ten unha trama ou urdido. O proceso é sinxelo, de feito, ten máis de 12.000 anos de antigüidade. A súa aplicación responde principalmente a usos decorativos, complementos, vestuario, xoguetes, roupa de fogar, pero tamén usos industriais, como insonorizante, illante térmico, filtro, retén...

No tocante ao feltro como tecido, existen varias calidades, dependendo do uso que se lle vaia dar. O feltro de maior calidade é o que leva unha proporción de la de entre o 60% e o 100%, combinándoo con outras fibras coma o raión. Outro de aspecto similar aínda que de inferior resultado que adoita atoparse no mercado está constituído nun 40% aproximadamente de la, mentres que o resto é a base de fibras artificiais, do estilo da viscosa. Tamén pode atoparse outro feltro completamente artificial que se elabora a partir de poliéster.



○ **Esther Quintas Salgado / Comocuando**  
Rúa Beiramar, 217 5ºB, Vigo  
Tel.: 620 458 899  
comocuando@comocuando.es  
www.comocuando.es  
Carta de artesá nº 2.274





## Laboratorio de gravado

**Que teña case dous mil anos de historia non implica que o gravado sexa unha técnica esgotada no seu desenvolvemento. De feito, desde as primeiras xilografías chinesas que coinciden coa invención do papel alá polo ano 105 d.C., as técnicas de estampación contiñúan evolucionando nun sector no que a investigación non cesou. Augatinta, un centro de gravado que dirixe Isabel Somoza, é o claro exemplo da vixencia e da vitalidade desta disciplina artística na actualidade. Desde alí non só produce a súa obra, senón que ensina diferentes técnicas e achega os profesores máis doctos nas últimas novidades do sector, convertindo este centro nunha auténtica referencia do gravado.**



Hai once anos nacíu Augatinta, unha iniciativa de Isabel Somoza, licenciada en Belas Artes e entusiasta do gravado. Un centro que nacíu non só como un obradoiro no que realizar as súas propias creacións, senón que posúe unhas ambicións moito máis amplas. A formación é unha delas. Durante todo o ano acolle cursos de gravado, algúns de carácter monográfico, procurando acometelo desde todos os flancos posibles, realizando un percorrido polas técnicas máis tradicionais e chegando a aquelas máis innovadoras. E é que como ben explica Isabel, no gravado non está todo dito: "podes estar aprendendo técnicas un montón de tempo, porque hai moitísimas e moi diversas".

As posibilidades formativas que ofrecen son de dous tipos, un curso de gravado ao longo do ano e outros máis específicos que se van impartindo entre xaneiro e xuño. O curso anual é moi aberto, "realmente son mensualidades, se lle gusta pode seguir todo o ano, e se non pode ou se quere comezar máis tarde non pasa nada, porque son técnicas independentes, que non é preciso dominar unha para pasar á seguinte". Así, os alumnos en grupos de sete como máximo van descubrindo as técnicas de gravado calcográfico tradicionais: augaforte, punta seca, verniz brando, augatinta, xilografía, linóleo, etc. Para as xornadas de carácter monográfico, as últimas novidades son as seleccionadas: "sempre veñen profesores especializados nunha técnica que non se estea a traballar en escolas de artes nin en facultades, que sexan resultado de investigacións", explica Isabel. Así aconteceu co fotogravado non tóxico, por exemplo, no que Isabel ten moito interese, tanto que Augatinta foi o primeiro en ofrecer estes cursos en España, xa que "son técnicas que se están a traballar no norte de Europa. Ata hai cinco anos aquí non se coñecía". O seguinte obxectivo que se propón é a electrólise.






**“Podes estar aprendendo técnicas un montón de tempo, porque hai moitísimas e moi diversas”**

Esta paixón polo gravado que desprende Isabel Somoza ten moito que ver con esa capacidade de experimentación que ofrece. “Tiven a sorte de ter un profesor moi bo, José Fuentes, que me meteu nisto. É un traballo de moita investigación, a min gústame moito a parte de experimentación que ten, de buscar técnicas novas”, asegura. E isto percíbese na súa obra, onde proba e xoga libremente coa súa creatividade. “É moi enriquecedor porque canto máis aprendes máis podes misturar, es máis libre. Podes pintar enriba dun gravado, facerlle unha serigrafía..., son moi partidaria da mistura interdisciplinar de todo”. Nas obras que está deseñando actualmente, as raíces e as plumas son algúns dos motivos principais. Tanto é así que está abraiada polo resultado de estampar sobre plumas, mesturándoas con obxectos, como por exemplo, do gremio dos alquimistas –probetas, matraces, etc.–, un campo que a fascina.

Estas creacións pódense ver na súa tenda, que ten unha parte expositiva que polo momento só ten pezas súas, pero na súa intención está programar unha exhibición mensual. E na tenda, á parte das obras, tamén dispón dunha ampla oferta de produtos relacionados con esta disciplina: ferramentas, papelería tamén feita de xeito artesanal, tinturas, etc.







**“É moi enriquecedor  
porque canto máis  
aprendes máis podes  
misturar, es máis libre”**

Augatinta desde a súa apertura supuxo un gran pulo para a difusión do gravado en toda a súa dimensión, permitindo que se relacione con novas técnicas e non só coas máis tradicionais. “O gravado é un campo moi amplo e con resultados moi diferentes, agora noto que a xente o coñece máis e o valora máis”, un labor ao que Augatinta contribuíu activamente. “Creo que aí algo fixen porque a xente que entra na miña tenda xa non pensa que sexan fotocopias. Antes se non era un debuxo orixinal non tiña valor. As miñas pezas son únicas, como moito fago unha serie de oito ou de dez, porque me interesa facer cousas diferentes. Si que facemos edicións para outros artistas”.

Trátase dun centro integral no que se afonda no milenario gravado achegándoo ás técnicas máis contemporáneas, que non teme o contacto para desenvolver ao máximo todas as súas posibilidades expresivas. Formación, venda de materiais, edición de artistas e proxectos de gravados, así como a produción de pezas orixinais conviven na ampla oferta deste centro, ideal para descubrir as últimas tendencias neste ámbito.

○.....  
**Augatinta**  
**Rúa Pontevedra 10 Baixo**  
**Lugo**  
**Tel.: 676 74 093**  
**www.augatinta.com**  
**Carta de artesá nº 1.506**  
**Obradoiro artesán nº 272**

## A CORUÑA

**Ataulfo Xoieiros**

R/ Real, 31  
15003 A Coruña  
Tel.: 981229804

**Ataulfo Xoieiros**

R/ Bailén, 10  
15001 A Coruña  
Tel.: 981226376

**Breogán**

Praza de María Pita, 16  
15001 A Coruña  
Tel.: 881873483

**Breogán**

Rúa Montoto, 5  
15001 A Coruña

**Catina**

Rúa Real, 68  
15003 A Coruña  
Tel.: 981224682

**Silvela**

Praza María Pita, 13  
15001 A Coruña  
Tel.: 981204685

**Xoiería Amor**

Rúa Nova, 10  
15003 A Coruña  
Tel.: 981224004

**Xoiería Amor**

Centro Comercial 4 Caminos, L A -3  
15008 A Coruña  
Tel.: 981224004

**Xoiería Amor**

R/ Menéndez Pelayo, 12  
15008 A Coruña  
Tel.: 981224004

**Xoiería Amor**

Centro Comercial Elviña,  
Salvador Madariaga  
15008 A Coruña  
Tel.: 981224004

**Xoiería Jose Lado**

Rúa García Marfí, 14  
15940 A Pobra do Caramiñal  
Tel.: 981831502

**Agasallos Richard**

Praza García Marfí, 3  
15940 A Pobra do Caramiñal  
Tel.: 981831314

**Xoiería Fernández**

Praza Hermanos Ageitos, s/n.  
15940 A Pobra do Caramiñal  
Tel.: 981830849

**Patagonia**

Rúa Agro do Medio, 7  
15895 Milladoiro (Ames)  
Tel.: 981536268

**Patagonia**

Praza da Mahía, 3  
15220 Bertamiráns (Ames)  
Tel.: 881972986

**Xoiería Belmonte**

Avda. García Naveira, 1  
15300 Betanzos  
Tel.: 981772261

**A xoiería do encaixe**

Outeiro, 18 - Ponte do Porto  
15121 Camariñas  
Tel.: 981730604

**Calvelo Pratería Regalos S.L.**

Praza de Galicia, 5  
15100 Carballo  
Tel.: 981702066

**Xoiería Calvelo Seoane**

Rúa Fomento, 1  
15100 Carballo  
Tel.: 981703057

**Arte Mimo**

Pontenova, 3 B  
15350 Cedeira  
Tel.: 981481513

**Recuerdos El Santuario**

Santuario de S. Andrés de Teixido, 7  
15350 Cedeira  
Tel.: 981480182

**Cerámicas La Camelia**

Avenida Pías 1-3  
15500 Fene  
Tel.: 981945218

**Bazar Manuel Ángel Seijas**

Mercado da Magdalena, 117  
15402 Ferrol  
Tel.: 696873403

**Gaélico Artesanía**

Rúa San Amaro, 23  
15403 Ferrol  
Tel.: 981326228

**Xoiería Prieto**

Rúa da Igrexa, 3  
15402 Ferrol  
Tel.: 981350394

**Bazar de artesanía Costa da Morte**

Rúa Santa Catalina, 48  
15155 Fisterra  
Tel.: 981740074

**Comercio Rural Galego Casa Senra**

Avenida 13 de abril, 29  
15256 A Picota (Mazaricos)  
Tel.: 981852454

**Angarela**

Rúa Progreso, 15  
15800 Melide  
Tel.: 981506096

**María del Carmen Lata Sanjurjo**

A Igrexa - Visantóña  
15689 Mesía  
Tel.: 981694098

**O Lar da Chousa**

Avenida Francisco Vizoso, 30  
Franza. 15626 Mugardos  
Tel.: 680438662

**Floristería José Luis**

R/ José María del Río, 28 - Baixo  
15124 Muxía  
Tel.: 981742554

**Regalos Camuri**

Rúa do Carmen, 6  
15830 Negreira  
Tel.: 981881743

**Quercus**

Santiago Álvarez, 1 - Santa Cruz  
15179 Oleiros  
Tel.: 981627316

**Perfumería Quintela**

Avda. de Lugo, 20  
15821 Arca (O Pino)  
Tel.: 981511419

**Tasmania**

Rúa Mercado, 14 - B  
15680 Ordes  
Tel.: 981681248

**Artegal**

Rúa Xeneral Franco, 96  
15330 Ortigueira  
Tel.: 649509542

**Xoiería Reloxería Jesús Manuel S.C.**

Rúa General Franco, 63  
15330 Ortigueira  
Tel.: 981400193

**Artesanía A Xesta**

Pescadería, 25 - B  
15600 Pontedeume  
Tel.: 981434181

**Galerías Pérez**

Bos Aires, 17  
15970 Porto do Son  
Tel.: 981740005

**Meigas Artesanía**

Rúa Gravina, 4 Baixo  
15960 Ribeira  
Tel.: 981835114

**Agasallos A Cesta**

Rúa do Franco, 39  
15702 Santiago de Compostela  
Tel.: 981576982

**Amboa**

Rúa Nova, 44  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981583359

**Amboa Azabachería**

Acibechería, 32  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981563932

**Amboa Fontiñas**

Área Central, LC. 16 B  
15703 Santiago de Compostela  
Tel.: 981560162

**Andaina Regalos**

Rúa do Vilar, 48  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981564874

**Arela Regalos**

Rúa do Vilar, 66  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981577594

**Artesanía y Regalos Fariña Formigo**

Acibechería, 18  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981575917

**Atrio Regalos**

San Francisco, 6  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981565688

**BS Artesanía SC**

Rúa Algalia de Arriba, 14 Baixo  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981573377

**Bulideira**

San Lázaro, 108  
15703 Santiago de Compostela  
Tel.: 981576501

**Cacharros de Compostela**

Rúa do Vilar, 16 Baixo  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981583847

**Dolmen Agasallos**

República do Salvador, 31 - 5º B  
15701 Santiago de Compostela  
Tel.: 981563397

**El Capricho**

Acibechería, 1  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981565877

**El Pórtico**

Fonseca, 1 Baixo  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981583925

**Eloy Gesto Ferreiro**

Rúa Santa Comba, 5 B  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981589596

**Joyería Regueira**

Acibechería, 9  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981583627

**Macri S.C.**

Acibechería, 29  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981571814

**Mariña**

Rúa Nova, 1  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981577432

**Meigas Fóra**

Rúa do Franco, 45  
15702 Santiago de Compostela  
Tel.: 881031624

**Pratería Alfonso Iglesias**

Rúa Nova, 2  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981581878

**Triskel**

Rúa Acibechería, 31  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981576870

**Xanela**

Rúa do Franco, 35  
15702 Santiago de Compostela  
Tel.: 981575994

**Xoiería - Pratería Augusto Otero**

Praza das Praterías, 5  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981581027

**Xoiería Bernardino Otero**

Praza das Praterías 4-5  
15701 Santiago de Compostela  
Tel.: 981558880

**Xoiería Gerardo**

Rúa do Hórreo, 68  
15702 Santiago de Compostela  
Tel.: 981565531

**Xoiería M Suárez SC**

Fray Rosendo Salvado, 9  
15701 Santiago de Compostela  
Tel.: 981599318

## LUGO

**Xoiería Mario**

Leonardo Rodríguez, 16  
27500 Chantada  
Tel.: 982440203

**Atrio**

Praza Pío XII, 2  
27001. Lugo  
Tel.: 982240104

**Cerámica Freixo**

Campo Castelo, 50  
27001 Lugo  
Tel.: 982224169

**Honorino Freire Seijas**

Rúa Cruz, 15 Baixo  
27001 Lugo  
Tel.: 982253317

**Xoiería Lamela**

Rúa de San Pedro, 52  
27001 Lugo  
Tel.: 982224717

**Triskel Artesanía**

Rúa Buen Jesús, 4  
27001 Lugo  
Tel.: 982246866

**Triskel Artesanía**

Rúa Pío XII, 5  
27001 Lugo  
Tel.: 982244605

**Regalos Vila**

Praza de España, 22  
27400 Monforte de Lemos  
Tel.: 982404877

**Xoería Alba Vila**

Rúa Plácido Peña, 4  
27800 Vilalba  
Tel.: 982512430

## OURENSE

**A Tulla**

Rúa Castelao, s/n.  
32660 Allariz  
Tel.: 988440103

**Alfarería Alto do Couso**

Lugar do Alto do Couso, 11  
32720 Esgos  
Tel.: 988290080

**Luces de Bohemia**

Rúa Galicia, 5 - Baixo  
32005 Ourense  
Tel.: 988255853

**Magos**

Rúa das Burgas, 10  
32005 Ourense  
Tel.: 988222739

**Oreta Xiro**

Rúa das Burgas, 14  
32005 Ourense  
988238471

**OX**

Rúa Riveira Sacra, 50  
Centro Comercial Ponte Vella  
32003 Ourense  
Tel.: 988602550

## PONTEVEDRA

**Arteman Galicia CB**

Ventura Misa, 58  
36300 Baiona  
Tel.: 986357161

**Artesanía Celsa**

R/ Ventura Misa, 56  
36300 Baiona  
Tel.: 986338366

**Artesanía Nazaret**

Rúa Ventura Misa, 51  
36300 Baiona  
Tel.: 986500182

**Reloxería Gema**

Ramón y Cajal, 3  
36300 Baiona  
Tel.: 986356057

**Regalos Gemma Gestay**

Avda. Montero Ríos, 157  
36930 Bueu  
Tel.: 986320438

**Xoiería - Pratería Castro**

Pazos Fontela, 58  
36930 Bueu  
Tel.: 986321449

**O Pente douro**

Rúa Real, 7 Baixo  
36650 Caldas de Reis  
Tel.: 986530025

**Cucadas**

Praza Fefiñáns, 8  
36630 Cambados  
Tel.: 986542511

**Xoiería Villar e Hijos S.L.**

Rúa Pontevedra, 1  
36630 Cambados  
Tel.: 986542032

**A Cova da Laxe**

Rúa do Hío, 10  
36940 Cangas  
Tel.: 986301552

**O Rincón das Burgas**

Praza de Ferrol, 9  
36670 Cuntis  
Tel.: 986532018

**Quatro SC**

Rúa Calvo Sotelo, 28  
36680 A Estrada  
Tel.: 986572761

**Xoiería Fondevila**

Praza de Galicia, 15  
36680 A Estrada  
Tel.: 986570228

**Arco Iris**

Rúa Beiramar, 80 B  
36980 O Grove  
Tel.: 986733680

**Feito a man**

O Redondo, Local 23  
36980 O Grove  
Tel.: 699140292

**Regalos Marbel C.B.**

Rúa Beiramar, 18  
36980 O Grove  
Tel.: 986731929

**Tecla Baz CB**

Rúa do Porto 57 B  
36780 A Guarda  
Tel.: 986611394

**Alberte Artesanía**

Rúa F, 18 - Baixo  
36500 Lalín  
Tel.: 986783906

**González Mato Xoieiros**

R/ Loriga, 13 Baixo  
36500 Lalín  
Tel.: 986780381

**Ángeles Peón Pérez**

Francisco Regalado, 8  
36993 Combarro (Poio)  
Tel.: 986770087

**Artesanía Celsa**

R/ San Roque, 14  
36993 Combarro (Poio)  
Tel.: 986772189/986709103

**María José Díez Rodríguez**

Rúa Francisco Regalado, 38  
36993 Combarro (Poio)  
Tel.: 645168415

**O Rincón de Xulia**

Praza Peirao da Chouza, 4  
36993 Combarro (Poio)  
Tel.: 986770468

**Regalos Alberto**

Rúa do Mar, 32  
36339 Combarro (Poio)  
Tel.: 669844119

**A Bodega**

Avda. Covelo, 58  
36992 Samieira (Poio)  
Tel.: 986740425

**Artico**

Senén, 3 - Canido  
36860 Pontearreas  
Tel.: 986642099

**Agasallo**

Praza da Peregrina, 6  
36001 Pontevedra  
Tel.: 986847257

**Arteman Galicia S.L.**

Soportais da Ferrería, 5  
36002 Pontevedra  
Tel.: 986859589

**Xoiería Boucelas, CB**

Ramón Cabanillas, 134  
36950 Pontevedra  
Tel.: 986310686

**Cacharela Artesanía CB**

Paseo da Xunqueira, 31 Baixo  
36800 Redondela  
Tel.: 986404804

**Xoiería e Reloxería****Esther Docampo S.L.**

Rúa José Figueroa, 1  
36800 Redondela  
Tel.: 986400044

**Xoiería - Reloxería Diamante**

Estrada Lalín - Monforte, 27  
36530 Rodeiro  
Tel.: 986790304

**Enri Lado Xoiería**

Praza do Pazo, s/n.  
36960 Sanxenxo  
Tel.: 986690611

**Baixo Miño**

Ordoñez, 5 Baixo  
36700 Tui  
Tel.: 986603454

**Trisquel e Modulo**

Antero Rubín, 45  
36700 Tui  
Tel.: 986604039

**Gaélica Artesanía**

Rúa Joaquín Yáñez, 16 Baixo  
36202 Vigo  
Tel.: 986228058

**Kristell**

R/ María Berdiales 1, Local 3  
36203 Vigo  
Tel.: 986435845

**Xoiería - Reloxería Pato**

Porta do Sol, 13  
36202 Vigo  
Tel.: 986222878

**Arlequin**

Rúa Castelao. Galerías Casino, LC 12  
36600 Vilagarcía de Arousa  
Tel.: 699505027

**Artesanía Galega - Casa Baulo**

Caleiros, 66 A  
36629 Vilanova de Arousa  
Tel.: 986554433

## OUTROS

**Doce Meigas S.C.**

Calle Hermosilla, 132  
28028 Madrid  
Tel.: 917267066

**Celtameiga C.B.**

Velázquez, 10 B - Baixo  
70002 Palma de Mallorca

# Ricardo Antelo,

## Premio Nacional de Artesanía en Innovación 2009



Ricardo Antelo recibe o Premio Nacional de Artesanía na categoría de Innovación da man de Amparo Fernández, subsecretaria do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio

O canteiro galego Ricardo Antelo recibía o 12 de novembro o Premio Nacional de Artesanía 2009 na categoría dedicada á innovación no produto artesán. A obra que mereceu tal recoñecemento foi "Do gozo", unha peza de granito de grandes dimensións que o artesán realizou xunto con Vicente Porres Huelmo, un deseñador madrileño do estudio Noviembre. Ricardo Antelo, que desde o ano 1995 dispón da carta de artesán outorgada pola Dirección Xeral de Comercio, tamén quedou como finalista na categoría de Produto nesta edición dos Premios.


"Déronme o premio non porque leve anos na cantería tradicional, senón por entenderme cun deseñador e facer unha peza que aumenta as posibilidades da pedra, levándoa a novos usos", explicaba este canteiro de Ponteceso. Se ben "Do gozo" mantén o carácter artesán da pedra e ao mesmo tempo o escultórico, si que ten un fondo práctico. "Comezamos a concibir un banco urbano, unha gran peza de 2 metros de alto, por 2 de fondo e 2 de ancho, que é oca, na que un pode meterse dentro, resgardase da chuva, subir enriba dela a tomar o sol... Non é unha peza que xere rexeitamento, senón que gusta total", en referencia ás múltiples posibilidades de "Do gozo".

A colaboración entre Porres e Antelo xurdiu na terceira edición do Proxecto D'Artes, impulsado polo Ministerio de Industria, Innovación e Comercio, a través da Fundación Española para la Innovación de la Artesanía, onde Galicia estivo presente baixo a coordinación da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Nesta iniciativa buscábase fomentar a colaboración entre artesáns e deseñadores, e no seo dela xurdía "Do gozo", froito do traballo do tándem Antelo-Porres.

"Teño esa inquietude, teño oficio, maquinaria, tecnoloxía... Hai que estar innovando, tanto polo material en si ao que se lle poden buscar novas posibilidades, como por ti mesmo. Aprendiches o oficio e non podes quedar estancado. O meu traballo vai nesa liña, con moitísimo respecto á cantería tradicional, pero quero seguir cara ás liñas máis innovadoras", ás que Antelo presta cada vez máis atención.

Non era a primeira vez que realizaba unha colaboración así. Previamente realizara no 2005 dous bancos co prestixioso arquitecto Manuel Gallego Jorreto, que se exhibiron na I Mostra de Artesanía de Galicia: "Macla" e "Reunión". "Hai xente en Galicia, como Manuel Gallego, que ten un estilo que non está suxeito a modas. El recibíunos sen problemas e con moitos ánimos, e iso é de admirar, porque é unha persoa que non tiña esa necesidade", explica como resultado do proxecto conxunto.

Recibir o Premio Nacional de Artesanía na categoría de Innovación ofrécelle a Ricardo a confianza de que a dirección escollida é a correcta. "Fainos moitísima falta para ir por ese camiño da innovación, dáme seguridade para tirar para adiante", conclúe. Aínda que tamén admite que é preciso considerar e avaliar ben con que proxectos implicarse, xa que supoñen moitos gastos e cómpre ver a súa viabilidade.





**“O meu traballo vai nesa liña, con moitísimo respecto á cantería tradicional, pero quero seguir cara ás liñas máis innovadoras”**



Banco modelo “Macla”, deseñado por Manuel Gallego Jorreto e realizado por Ricardo Antelo


## Cousas do azar

A relación entre Ricardo Antelo e Vicente Porres xorde dun xeito casual, aínda que parece obra do destino. Porres sempre procurou vincular o seu traballo como deseñador coa artesanía, porque cre na súa interdependencia. “Puxen un anuncio no que buscaba un artesán para facer mobiliario e contestoume un señor de Galicia que me pedía facer o moble que quixera pero en pedra, e eu alucinei. E claro, miña avoa é galega e chamoume moitísimo a atención que puxese un anuncio de madeiras e que o artesán que me chamase fose canteiro”, explica o deseñador lembrando o seu primeiro contacto. Ademais, resalta a boa disposición de Antelo, “non vén de serie nos artesáns, porque normalmente te los que buscar e convencelos”. Se ben naquel momento o proxecto non prosperou, medio ano despois a casualidade volvía xuntalos da man de D’Artes, algo que para Vicente Porres foi un estímulo e implicouse plenamente nesta colaboración. “Deseñámoslle moitas propostas das que saíu “Do gozo”, que está pensada para a forma na que traballa Ricardo. Fixen dúas visitas ao obradoiro e houbo moita química e iso vese no resultado de “Do gozo”, que representa o Camiño de Santiago”, unha peza na que ten unha confianza plena e que por iso animou a Ricardo a presentala a esta convocatoria onde agora resultou premiada.

Para Porres, o recoñecemento que vén de recibir, no que fixeron “dobrete”, como el considera, supón un apoio ao traballo do canteiro. “Para min significa sobre todo que Ricardo, ao que eu admiro, e tamén porque creo nas cousas que fai, reciba un respaldo. O que máis representa para min é o que representa para Ricardo”. O deseñador resalta o valor co que Ricardo se entregou e que se ve na calidade coa que traduciu á pedra as indicacións de Porres.

“O mellor é abrir a porta dos artesáns para que entre o influxo do exterior e rematar coa imaxe dos artesáns como xente illada que só se ocupa de manter unha tradición e un oficio”, comenta poñendo ao propio Antelo como exemplo.

En canto ao futuro da peza “Do gozo”, actualmente Ricardo Antelo está a negociar coas institucións para buscarlle un emprazamento nun parque galego.



Ricardo Antelo e Vicente Porres, no obradoiro de cantería durante o proceso de elaboración de “Do gozo”

○ **Ricardo Antelo**  
**A Bugalleira s/n 15111. Ponteceso**  
**Tel.: 981 753 741 / 649 657 144**  
**tallerdecanteria@ricardoantelo.com**  
**www.ricardoantelo.com**  
**Carta de artesán nº 567**  
**Obradoiro artesán nº 130**



**moa**

II MOSTRA DE ARTESANÍA  
DE GALICIA

Do 16 ao 18 de abril de 2010  
Recinto feiral IFEVI (Vigo)  
[www.moagalicia.es](http://www.moagalicia.es)

**Organiza:**  
Fundación Centro Galego  
da Artesanía e do Deseño

**Contacto:**  
[info@moagalicia.es](mailto:info@moagalicia.es)



**XUNTA  
DE GALICIA**




FUNDACIÓN CENTRO GALEGO  
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO



ARTESANÍA  
DE GALICIA



XACOBEO 2010  
Galicia



# obradoiro de artesanía

[www.obradoirodeartesaniam.com](http://www.obradoirodeartesaniam.com)  
[www.artesaniadegalicia.org](http://www.artesaniadegalicia.org)



XUNTA DE GALICIA



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO  
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

ARTESANÍA  DE GALICIA



XACOBEO 2010  
Galicia